

# MEMORIA CONTA XERAL CONCELLO DE VIGO

|   |    |
|---|----|
| NORMATIVA REGULADORA.....   | 3  |
| TRAMITACION.....  | 4  |
| COMPOSICIÓN E ESTRUCTURA DA CONTA XERAL.....  | 4  |
| Información de tipo xeral.....  | 5  |
| 1.- Organización.....   | 10 |
| Estrutura política e administrativa.....  | 10 |
| Entidades dependentes do Concello.....  | 13 |
| Entidades Públicas nas que participa a Entidade Local.....                                | 15 |
| Fundacións nas que a Entidade Local forma Parte do Patronato.....                         | 16 |
| Fontes de financiación do estado de ingresos da Entidade Local.....                       | 17 |
| Cesión de tributos, Transferencias e subvencións correntes de outras Administracións..... | 17 |
| Ingresos Tributarios.....   | 17 |
| Ingresos patrimoniais.....  | 18 |
| Ingresos de capital non financeiros.....  | 19 |
| Ingresos de capital financeiros.....  | 19 |
| Entes que integran a Conta Xeral.....   | 20 |
| 2.- Xestión Indirecta de servizos públicos.....   | 20 |
| 3.- Bases de presentación das contas.....   | 22 |
| 4.- Normas de valoración.....   | 24 |
| 5.- Balance.....  | 25 |
| 6.- Conta do Resultado Económico-Patrimonial.....   | 28 |
| 7.- Estado de Liquidación do Orzamento.....   | 29 |
| Resultado Orzamentario.....   | 30 |
| Remanente de Tesourería.....  | 32 |
| Cálculo do Resultado Orzamentario e estado do mesmo.....                                  | 38 |
| Cálculo do Remanente de Tesourería.....   | 40 |
| Aforro neto.....  | 43 |
| Estabilidade orzamentaria.....  | 49 |
| Endebemento.....  | 50 |

|  |     |
|--|-----|
| 8.- Investimentos destinados ao uso xeral.....   | 52  |
| 9.- Inmobilizacións materiais .....  | 53  |
| 10.- Investimentos financeiros.....  | 54  |
| 11.- Existencias.....  | 55  |
| 12.- Tesourería.....   | 55  |
| 13.- Fondos Propios.....   | 56  |
| 14.- Información sobre o endebedamento.....  | 57  |
| 15.- Información das operacións por administración de recursos por conta doutros entes públicos..... | 59  |
| 16.- Información das operacións non orzamentrias de tesourería.....                                  | 61  |
| 17.- Ingresos e Gastos.....  | 63  |
| 18.- Información sobre valores recibidos en depósito .....   | 66  |
| 19.- Cadro de financiamento.....   | 66  |
| 20.- Información Orzamentaria.....   | 68  |
| 20.1 Exercicio corrente.....   | 68  |
| 20.2 Exercicios pechados .....   | 73  |
| 20.3 Exercicios posteriores.....   | 76  |
| 20.4 Gastos con financiamento afectado.....  | 77  |
| 20.5 Remanente de Tesourería .....   | 78  |
| 21. - Indicadores.....   | 79  |
| Memoria xustificativa do custo rendimento dos servizos.....  | 84  |
| 22.- Acontecementos posteriores ao peche.....  | 134 |
| 23.- Gastos executados sin control fiscal.....   | 134 |

**CONTA XERAL 2011**  
**MEMORIA**  
**ENTIDADE LOCAL CONCELLO DE VIGO**

Ao Obxecto de dar cumprimento ao regulamentado nas Regras 100 a 104 da Orde EHA/4041/2004, de 23 de novembro, pola que se aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local, se forma a Conta Xeral da Entidade Local correspondente ao ano 2011.

**NORMATIVA REGULADORA**

Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais: Artigos 208-212 (Conta Xeral). Artigos 191-193 (Liquidación de Orzamento)

Regulamento orzamentario (RP), aprobado polo Real Decreto 500/1990, de 20 de abril (BOE núm. 101, de 27 de abril de 1.990; corrección de erros en BOE núm. 136, de 7 de xuño de 1.990): artigos 89-105 (Liquidación de Orzamentos).

Orde EHA/4041/2004, de 23 de novembro, pola que se aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local (IMNCL). Plan Xeral de Contabilidade Pública adaptado á Administración Local, anexo á IMNCL, modelo normal.

Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001.

Real Decreto Lexislativo 2/2007, de 28 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral de Estabilidade Orzamentaria.

## **TRAMITACION**

Os artigos 208, 209 e 212 do TRLRFL, aprobado polo RDL 2/2004, así como as Regras 102 e 103 da IMNCL, regulan os diferentes prazos da tramitación da Conta Xeral:

Rendición de estados e contas: antes do 15 de maio do exercicio inmediato seguinte ao que correspondan, a Conta Xeral de cada exercicio someterase antes do 1 de xuño do exercicio inmediato seguinte a informe da Comisión Especial de Contas da entidade local.

A Conta Xeral e o informe da Comisión Especial de Contas expoñerase ao público por prazo de 15 días durante os cales e 8 máis, os interesados poderán presentar reclamacións, reparos e observacións. Examinados éstas pola Comisión Especial de Contas e practicadas pola mesma cantas comprobacións estime necesarias, emitirá novo informe.

Acompañada dos informes da Comisión Especial de Contas e das reclamacións e reparos formulados, a Conta Xeral someterase ao Pleno da Corporación para que, no seu caso, poida ser aprobada antes do día 1 de outubro.

Sometida a Conta Xeral aos trámites anteriores, remitirase a mesma ao Tribunal de Contas e ao Organo Fiscalizador Externo que corresponda antes do 15 de outubro.

Os documentos que integran as contas anuais a conforman o Balance, a Conta do resultado Económico-Patrimonial, o Estado de liquidación do Orzamento e a Memoria.

## **COMPOSICIÓN E ESTRUCTURA DA CONTA XERAL.**

A orde EHA/4041/2004, de 23 de novembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade local, regula a estrutura e contido da memoria, os distintos documentos que a conforman así como, aqueles sobre os que resulta necesario un comentario ou explicación dos cambios que se produciron ao longo do exercicio económico.

A memoria que conforma a Conta Xeral ten como finalidade completar, ampliar e comentar a información contida no Balance, na Conta do Resultado Económico Patrimonial e no estado de Liquidación do Orzamento.

A estrutura da memoria formarase en tres partes. A primeira comprenderá todo o relativo á organización, xestión indirecta dos servizos públicos, as bases de presentación das contas e normas de valoración. A segunda parte conterá a información relativa ao Balance e á Conta do Resultado Económico-Patrimonial, e a terceira, a conformará todos os documentos e comentarios aos que se refire a memoria relativos ao inmovilizado, fondos propios, tesourería, endebedamento, avais, fianzas, operacións non orzamentarias de tesourería, cadro de

financiamento, variacións do circulante, proxectos, financiamento afectado, indicadores económicos, financeiros, patrimoniais, orzamentarios e de custo-rendemento dos servizos.

## Primeira parte

### Información de tipo xeral

A cidade de Vigo esta localizada nas Rías Baixas, na parte máis occidental da provincia de Pontevedra, ten unha superficie de 109,06 quilómetros cadrados. A poboación de dereito, segundo os datos que constan na oficina de Estatística do Concello o dos datos do IGE, ao inicio do ano 2011, é de 297.241 habitantes, é a cidade máis poboada de Galicia, é o decimocuarto Concello de España, cunha densidade de 2.726,43 hab/km<sup>2</sup>, pero ademais, é tamén a máis xoven, sendo a idade media da súa poboación de algo máis de 40 anos.

Xeográficamente, Vigo é o centro da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal que comprende unha poboación total de máis de 6,5 millóns de persoas.

O seu tecido industrial está formado polo sector da automoción, a transformación do metal, o granito, a construción, a agroindustria, o textil e o gran sector do mar. Ademais, Vigo é o motor económico da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal (estrutura creada para a cooperación transfronteiriza entre os dous ou máis países europeos).


Segudos os datos vixentes, publicados por Ardán para o ano 2011, o Valor Engadido Bruto (VAB) de Vigo é de 3.114,41 millóns de euros, tivo un retroceso do 7,93 por 100 nos últimos anos. En todo Caso, o VAB de Vigo representa un 21,82 por 100 do total xerado en Galicia. Ten unha poboación empregada que representa o 21,13 por 100 do emprego total de Galicia. Os ingresos xerados por unha contía de 16.845,28 millóns de euros, experimentaron un retroceso superior á media de Galicia.

En canto ao emprego, o sector máis dinámico é o de servizos cun 77,28 por 100, seguido da industria cun 17,35 por 100. Incorporárase o estudo do Instituto Xeral de Estatística correspondente aos datos do ano 2011. A construción perdeu peso en relación cos anos precedentes.

|                | Industria | Construción | Servizos | Total   |
|----------------|-----------|-------------|----------|---------|
| Nº de empresas | 1.449     | 3.072       | 19.814   | 24.335  |
| %              | 5,95%     | 12,62%      | 81,42%   | 100,00% |

# Ocupados por sector de actividade

IGE 2011



A ocupación no sector servizos pasou do 75,41 por 100 ao 77,28 por 100, aínda que estase a traballar cunha base de empregos máis reducida. O sector industrial, a diferenza co que aconteceu no sector servizos, perdeu emprego, pasando do 19,28 por 100 ao 17,35 por 100.


De acordo aos datos que se obteñen da fonte Ardán, os sectores productivos máis relevantes que conforman a estrutura empresarial son: Automoción, astaleiros, Maioristas de peixes e mariscos e o transporte de mercadorías a través do porto, aeroporto e por estrada.

A automoción (fabricación de automóviles e recambios) é o máis representativo, xerando o 29,02 do VAB de Vigo. Os Astaleiros xeran o 5,47 por 100 do VAB, os Maioristas de peixes e mariscos o 2,73 por 100 e o transporte de mercadorías o 1,47 por 10 do VAB de Vigo.

Sen dúbida, o sector líder da economía de Vigo é o do automóbil, liderado polo grupo PSA-Peugeot-Citroen, que de acordo aos datos aportados polo cluster de empresas de automoción correspondentes ao ano 2011, tivo 6.524 asalariados, e produciu 356.000 vehículos, cunha facturación de 5.500 millóns de euros .

O 29,01 do total das exportacións galegas son realizadas por empresas situadas na comarca de Vigo.

### Importancia dos sectores productivos en Vigo (por nº de empresas)



O Porto de Vigo ten unha gran incidencia no desenvolvemento da cidade, representando un dos centros neurálxicos da economía viguesa, tanto polo número de toneladas transportadas como pola pesca capturada. Está a xogar un papel moi salientable na industria do automóbil e do granito, xa que, practicamente todo o transporte destes subsectores industriais faise vía marítima.

As exportacións feitas a través do Porto de Vigo, representan o 40 por 100 do valor exportado de toda Galicia, sendo Vigo a primeira cidade exportadora da Comunidade Autónoma. O Valor das exportacións feitas polo Porto de Vigo, representan un 3,3 por 100 do total de España.

Outro dos sectores estratéxicos é o da pesca. A industria pesqueira creceu de maneira proporcional á capacidade frigorífica das instalacións portuarias, que na actualidade supera amplamente os 500.000 metros cúbicos.

Mostra do potencial pesqueiro de Vigo o dá o grupo Pescanova. É unha das principais empresas pesqueiras españolas. Na comarca de Vigo deixa máis de 200 postos de emprego directos e unha facturación por riba dos 600 millóns de euros (*datos ano 2010, Ardán*).

### **PORTO DE VIGO**

| <b>PORTO DE VIGO</b>          |                       |
|-------------------------------|-----------------------|
| <b>Cifra de negocio</b>       | 24,5 millóns de euros |
| <b>Tráfico de Mercadorías</b> | 3.968.907 toneladas   |
| Pesca Fresca                  | 84.264 toneladas      |
| Pesca Conxelada               | 689.711 toneladas     |
| Granito                       | 271.618 toneladas     |
| Vehículos                     | 665.511 toneladas     |
| <b>Tráfico de Pasaxeiros</b>  | 252.829 persoas       |
| Nº de cruceiros               | 118                   |

Datos Ano 2011 (Porto de Vigo)

No ano 2011 se superou os tráxicos históricos de pesca e derivados



O turismo marítimo tivo neste ano unha caída en relación co ano anterior, pasando dos 315.000 aos 252.829 pasaxeiros, aínda que o número de cruceiros medrou, pasando dos 112 do ano 2010 aos 118 que atracaron no porto no ano 2011.

O Aeroporto de Vigo, Peinador, conta con instalacións capaces de recibir a maior parte das aeronaves comerciais, dende él operan as compañías: Air Europa, Air France, Air Nostrum, Iberia, Orbest, Volotea e Vueling Airlines. As conexións dende o aeroporto de Vigo son con: Madrid, Barcelona, París, Londres, Sevilla, Ibiza, Bilbao e Tenerife.

Tendo en conta os datos facilitados por AENA, no ano 2011, o aeroporto de Vigo xestionou 976.152 pasaxeiros, 14.130 movementos de aeronaves e 1.113 toneladas de carga.

#### AEROPORTO

| Ano  | Pasaxeiros   |
|------|--------------|
| 2007 | 1.405.968,00 |
| 2008 | 1.278.762,00 |
| 2009 | 1.103.291,00 |
| 2010 | 1.093.201,00 |
| 2011 | 976.152,00   |

*Datos (AENA)*

A cidade posúe dende 1947 unha das catro Zonas Francas Españolas, o Consorcio da Zona Franca é a institución pública que se encarga da súa explotación e administración, así mesmo actúa como Axencia de Desenvolvemento Local en proxectos de infraestruturas empresarias, servizos a empresas e intervencións urbanas. O Consorcio da Zona Franca de Vigo, promove parques empresarias, industriais e tecnolóxicos, desenvolvemento tamén de actividade comercial como é a do Centro Comercial a Laxe así como a explotación dalgúns aparcamentos soterrados da cidade.

Vigo conta cunha Universidade e é séde varios centros e institutos de investigación, como o Instituto Español de Oceanografía ou o Instituto de Investigaciones Mariñas. Ademáis, a cidade foi designada como sé da Axencia Europea da Pesca. En resumo, faise evidente o dinamismo económico da cidade observando a gran cantidade de organismos -moitos deles relacionados co mundo empresarial- que crean un marco para a realización de grandes negocios e do desenvolvemento económico.

## **1.- Organización**

### **Estrutura política e administrativa.**

#### **Política**

A estrutura da Entidade Local a nivel político, a conforma o Pleno da Corporación con 27 Concelleiros que lle corresponden por poboación.

Das eleccións municipais do 22 de maio de 2011, a composición da Corporación municipal é a seguinte: 13 Concelleiros do Partido Popular, 11 do Partido dos Socialistas de Galicia e 3 do Bloque Nacionalista Galego. O goberno da cidade está conformado polos Concelleiros do Partido Socialista, cun goberno en minoría. O Alcalde pertence á lista do Partido dos Socialistas de Galicia.

Os Órganos superiores os conforman o Alcalde e os membros da Xunta de Goberno Local, este órgano está composto por 9 membros, todos eles petentes ao Partido dos Socialistas de Galicia e presidida polo Alcalde. Están nomeadas dúas Tenencias de Alcaldía, e están creadas 8 Comisións Informativas.

A Lei 11/1999, de 21 de abril, de modificación da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL), deu unha nova redacción ao art. 73 da LRBRL, facultando ás Corporacións Locais a que poidan asignar, con cargo ao seu Orzamento anual, unha dotación económica a favor dos diferentes grupos políticos e obrigando aos mencionados aos mesmos a levar unha “contabilidade específica” da dotación asignada, que estará a disposición de Pleno da Corporación, se este órgano o solicitara.

No exercicio 2011, asígnouse unha dotación total de 98.940,48 euros con cargo á aplicación 912.0.489.00.01 “Dotación Grupos Políticos”, do Orzamento da Entidade Local.

O importe para cada Grupo confórmase de dúas partes: unha compoñente fixa por grupo e outra variable por cada concelleiro. O Pleno da Corporación en sesión celebrada o 17 de Xullo de 2007, fixou estas contías, para a compoñente fixa en 10.812,21 euros, e a variable en 2.462,44 euros por cada un dos Concellerios que teña o Grupo Político Municipal. Por acordo plenario do 17 de xullo de 2011, acordouse unha nova asignación aos grupos políticos municipais. Os pagos efectuados para a totalidade do ano 2011 foron os seguintes:

| Grupo municipal            | Mandato 2007-2011, 1º Semestre |                     | Mandato 2011-2015, 2º Semestre |                     | Total     |
|----------------------------|--------------------------------|---------------------|--------------------------------|---------------------|-----------|
|                            | Compoñente fixa                | Xompoñente variable | Compoñente fixa                | Xompoñente variable |           |
|                            | 10.812,21                      | 2.642,44            | 19.000,00                      | 1.550,00            |           |
| Partido Popular            | 5.406,10                       | 16.008,86           | 14.990,00 <sup>1</sup>         |                     | 36.404,96 |
| Partido dos Socialistas    | 5.406,10                       | 11.083,98           | 9.500,00                       | 8.525,00            | 34.515,08 |
| Bloque Nacionalista Galego | 5.406,10                       | 6.159,10            | 9.500,00                       | 2.325,00            | 23.390,20 |
| Total                      |                                |                     |                                |                     | 94.310,24 |

A Corporación está conformada por tres grupos políticos co número de Concelleiros que xa se comentou anteriormente.

En canto á periodicidade das sesións, a Xunta de Goberno Local ten unha sesión ordinaria semanal e o Pleno unha sesión ordinaria mensual.

Ao abeiro do regulamentado no art. 126.2 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, a Alcaldía Presidencia non fixo uso da prerrogativa, e non nomeou a membros da Xunta de Goberno Local que non tivesen a condición de Concelleiro.

Polo nivel de poboación, á estrutura municipal lle é de aplicación a reforma introducida á Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.

A esta data, non se nomearon órganos directivos: nin coordinadores nin directores xerais, estando nomeados os xefes de área que desempeñan as funcións de coordinadores xerais, aínda que na plantilla aprobada polo Pleno da Corporación para o ano 2011, están previstos algúns postos de cordinadores xerais, aínda que o seu nomeamento queda condicionado a aprobación do Regulamento Orgánico de Funcionamento, que a esta data está pendente de trámite e aprobación.

Está aprobado o Regulamento Orgánico do Pleno.

---

<sup>1</sup> A emenda do partido Popular propuxo e foi aprobada unha minoración do 30 por 100 en relación coa aportación do ano 2010

## Administrativa

| Tipo de traballador   | Número       | Observacións   |
|---|--------------|--|
| Funcionarios con habilitación de carácter nacional              | 7            | Secretario Xeral do Pleno, Inteventor Xeral, Interventor Adxunto, Viceinterventor Adxunto, Secretario XGL, Secretario de Administración e Tesoureiro |
| Técnicos de Administración Xeral                                | 29           | 25 da rama xurídica e 4 rama económica   |
| Administrativos administración Xeral                            | 101          |  |
| Auxiliares Administración Xeral                                 | 74           |  |
| Subalternos   | 29           |  |
| Funcionarios escala administración especial, sub.técnica        | 115          |  |
| Funcionarios escala administración especial, sub.serv.especiais | 105          |  |
| Corpo da Policía Local  | 402          | 1 Superintendente, 2 Intendentes, 4 Inspectores principais, 15 Inspectores, 34 Oficiais e 346 policías   |
| Servizo de extinción de incendios                               | 143          | 1 Xefe do servizo, 1 Oficial, 4 Suboficias, 1 Sarxento, 15 Cabos, 1 Cabo Conductor, 1 bombeiro Xefe, 39 conductores-bombeiros e 80 bombeiros         |
| Persoal laboral   | 309          |  |
| Persoal eventual  | 32           |  |
| Persoal Directivo   | 4            |  |
| <b>Total</b>  | <b>1.350</b> |  |

Dos datos remitidos polo servizo de Recursos Humanos, o número medio de empregados públicos durante o ano 2011 foi de 1.286,41 traballadores, dos que 1.010,58 foron funcionarios e 275,83 laborais

A composición da plantilla para o ano 2011, aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación en sesión do 23 de decembro de 2010, e a seguinte:

#### Plantilla

| Funcionarios | Laborais | Eventuales | Total |
|--------------|----------|------------|-------|
| 1.009        | 309      | 32         | 1.350 |

#### Entidades dependentes do Concello

Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo foi creado o 29/07/1996. A actividade é a propia que lle correspondería á Entidade Local en canto á ordenación, planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística, así como a promoción e xestión de vivendas. As transferencias correntes feitas ao longo do ano totalizan 3.984.724,52 euros, representando un 48,31 por 100 da totalidade dos ingresos liquidados. As transferencias de capital feitas por un importe de 600.000 euros, representaron un 7,27 por 100 dos ingresos liquidados. En conxunto, a financiación dependente da entidade matriz no ano 2011, foi do 55,58 por 100.

Organismo Autónomo Administrativo Parque das Ciencias Vigo Zoo, creado o 28/01/1972. A actividade deste OO.AA é a Xestión do Zoolóxico Municipal, así como a de xestionar escolas taller e outros módulos que a Entidade Local solicite e se lle concedan en relación co Zoolóxico. As transferencias correntes feita no ano 2011 foron por unha contía de 1.271.312,93 euros, representando un 76,66 por 100 do total dos dereitos recoñecidos. A financiación dependente da entidade matriz no ano 2011, foi do 76,66 por 100 dos ingresos liquidados no ano polo organismo, aínda que diminuíu en relación ao ano 2010, pasando do 83,26 por 100 do ano 2010 o 76,66 por 100 do ano 2011.

Organismo Autónomo Administrativo Escola Municipal de Artes e Oficios foi creado o 30/09/1982. A actividade do organismo é de tipo formativo, desenvolvemento e impartición dos programas de formación de acordo ao plan aprobado pola Xunta Reitora. As transferencias

correntes no ano de referencia totalizan 1.382.244,91 euros, que representan un 98,71 por 100 da totalidade dos ingresos liquidados no exercicio polo organismo, fronte a unha dependencia no ano 2010 do 99,16 por 100.

Organismo Autónomo Administrativo Instituto Municipal dos Deportes, creado 05/06/1968 e o 28/11/1991 se de lle cambiou o seu nome. A súa actividade é a xestión das instalacións deportivas (piscinas, pavillóns deportivos, campos de fútbol, escolas deportivas, etc.), que non se atopan nalgún réxime de xestión indirecta. As transferencias correntes e de capital feitas por un importe de 4.795.000 euros, representan un 68,33 por 100 da totalidade dos ingresos liquidados polo organismo. Tamén se pon de manifesto un aumento da dependencia financeira da entidade matriz, pasando do 67,39 por 100 do ano 2010 ao 68,33 do ano 2011.

Están creados dous organismos autónomos máis, Patronato Museo Quiñones de León e Patronato de Turismo, pero non teñen orzamento independente, funcionando como unidades xestoras como outras que conforman o Orzamento, é dicir, como programa orzamentario dentro do Orzamento da Entidade Local, xa que non se cumpre un dos principios contables básicos, Principio de entidade contable. Todo ente con personalidade xurídica e orzamento propio, que debe formar e rendir contas. No caso que nos ocupa, ambos teñen personalidade xurídica pero carecen de orzamento propio.

En resumo, o financiamento dos organismos autónomos é basicamente con cargo ao orzamento da Entidade Local, no ano 2012, esta dependencia vai a ser maior, xa que aportación medrou.

É preciso salientar, que a porcentaxe de autofinanciamento foi baixando cada ano, xa que os prezos públicos non se actualizan coa mesma porcentaxe que crecen os gastos, e incluso nalgún dos organismos, se ofertan máis servizos, pero a porcentaxe de autofinanciamento baixa cada ano, o que supón que a dependencia da entidade matriz sexa maior cada ano.

Entendemos, que á vista dos resultados acadados neste ano, hai unha tendencia de crecemento constante do gasto pero non do ingreso que é necesario analizar e adopta-las medidas necesarias para mudar as tendencias, de tal xeito, que os prezos públicos vaian encamiñados a cubrir os custos dos servizos que se prestan aos usuarios do mesmo.

| Organismo Autónomo                  | Dependencia financeira da entidade matriz IV,VII Entidade/Dereitos Recoñecidos Totais |       |       |       |       |
|-------------------------------------|---|-------|-------|-------|-------|
|                                     | 2011  | 2010  | 2009  | 2008  | 2007  |
| Xerencia Municipal de Urbanismo     | 55,58   | 60,14 | 56,69 | 31,28 | 27,72 |
| Instituto Municipal dos Deportes    | 68,33   | 67,39 | 64,51 | 59,92 | 58,38 |
| Escola das Ciencias Vigo Zoo        | 76,66   | 83,26 | 78,47 | 76,12 | 74,79 |
| Escola Municipal de Artes e Oficios | 98,71   | 99,16 | 98,76 | 96,38 | 97,87 |

No ámbito territorial do Concello, existe tamén unha Entidade Menor: "Entidade Menor de Bembrive". O Concello ten asinado un convenio en canto ao financiamento, sendo as transferencias feitas no ano 2011 por unha contía de 254.869,79 euros.

### **Entidades Públicas nas que participa a Entidade Local**

A Mancomunidade de Municipios da Área Intermunicipal de Vigo (MAIV), creouse no ano 1993, componse dos municipios de Baiona, Fornelos de Montes, Gondomar, Mos, Nigrán, Pazos de Borbén, Porriño, Redondela, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Soutomaio e Vigo. No ano 2011, que surtirá efectos, de acordo aos Estatutos, no ano 2012, solicitaron a baixa, Baiona e Nigrán. Os seus órganos de goberno son o Pleno constituído por 50 membros e a Comisión de Goberno conformada por todos os Alcaldes e o Presidente.

As aportacións de transferencias durante o ano 2011 totalizan 267.598,86 euros, que corresponden á aportación ordinaria, que xira sobre a poboación de cada un dos municipios que a conforman.

O Consorcio Casco Vello de Vigo foi creado no ano 2005, ten como fins o de desenvolver de acordo coas previsións do Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Vello de Vigo, unha serie de actuacións e intervencións que contribuirán ao proceso de recuperación da súa Área de Rehabilitación Integrada, mediante a adquisición de terreos ou adquisición de vivendas e a súa posterior rehabilitación. Inicialmente, son socios do Consorcio: o Instituto Galego de Vivenda e Solo da Xunta de Galicia, o Consorcio da Zona Franca de Vigo e o Concello de Vigo, pero o Consello de Administración adoptou o acordo polo que a Consellería de Vivenda da Xunta de Galicia se subrogaba na posición de socio do CZFV, sendo a participación actual do 90 por 100 pola Consellería de Vivenda e o 10 por 100 do Concello de Vigo. A súa organización a conforma a Presidencia (rotativa bianualmente), o Consello de Administración, o Consello Consultivo, o Comité Executivo e a Xerencia.

O Concello ten unha participación minoritaria do 10 por 100 na Empresa de Servizos Mortuorios. Inicialmente existía unha empresa mixta como forma de xestión indirecta, pero a partires da liberalización do servizo pola entrada en vigor do Real Decreto Lexislativo 7/1996, de 7 de xuño, transformouse a forma de prestación do servizo, e a Entidade Local quedouse coa porcentaxe de capital citado. A nova forma xurídica crease o 27/09/2001. A participación é consecuencia da transformación da sociedade mercantil, e non supuxo desembolso algún con cargo o orzamento da Entidade Local.

Tamen se mantén unha participación minoritaria do 1,37 por 100 no capital da Sociedade Universitaria SA, sendo o importe desta participación de 50.726,25 euros. O obxecto social desta sociedade mercantil é a xestión da cidade universitaria de Vigo.

### **Fundacións nas que a Entidade Local forma Parte do Patronato**

Museo de Arte Contemporánea, Fundación de tipo cultural, creada o 22/10/2002, cunha aportación ao capital fundacional de 6.010,12 euros, que representa o 25 por 100 de mesmo. A contía das transferencias feitas durante o ano 2011 foron de 805.000 euros. O obxecto da Fundación é a xestión do Museo que ten a súa sé social na Rúa do Príncipe, nº 24.

Fundación Vigo en Deporte, de tipo deportiva, creada o 19/11/2001, o capital aportado foi de 12.020,24 euros, que representa o 3,85 por 100 do mesmo. No ano 2011, as transferencias foron de 190.000 euros. O obxecto da Fundación é a xestión e coordinación da actividade deportiva dos clubs da cidade. A súa sé social está na avenida de Castrelos nº 1.

Fundación Axencia Intermunicipal de Enerxía de Vigo, creada o 24/02/2003. As transferencias feitas durante o ano 2011 foron por un importe de 35.241,44 euros. A súa actividade é de tipo investigador e innovador. A súa sé social está na Praza do Rei s/n.

Fundación Liste, de tipo cultural, museo permanente. Foi creada o 15/06/1999. A aportación municipal foi de 30.050,60 euros, que respresenta o 2,17 por 100 do seu capital. A contía das transferencias anuais foron de 46.000,00 euros. A súa sé social está na Rúa Pastora nº 22. O seu obxecto social é o de protección do patrimonio histórico artístico.

Fundación Laxeiro, de tipo cultural, museo permanente. O Concello non ten aportación fundacional, pero forma parte do Patronato. Foi creada o 17/11/1997, ten a súa sé social na Rúa Policarpo Sanz. As transferencias correntes a cargo do orzamento da Entidade Local no ano 2011 foron de 86.151,00 euros. O seu obxecto social é a xestión e promoción do legado do Pintor Laxeiro.

Fundación Provigo. Foi creada o 28/05/1992. O seu obxecto social é de tipo investigador e técnico, tanto sobre a cidade como do seu interland, para a promoción e revitalización do seu ámbito. A participación no capital fundacional é dun 14,29 por 100, que representa unha contía de 6.010,12 euros. Ten a súa sé social na Plaza de Compostela, nº 22 Baixo. As transferencias feitas durante o ano 2011 á fundación foron por unha contía de 84.061,00 euros.

Instituto Feiral de Cotogrande, Fundación organizadora de feiras e congresos. A participación do Concello foi a cesión orixinal do local onde desenvolve a actividade, dende entón, tódalas reformas, ampliacións e todo tipo de investimentos correron a cargo da Consellería de Industria da Xunta de Galicia como socio que pertence ao Patronato. Non hai transferencias a favor desta Fundación. Ten a súa sé social na Avenida do Aeroporto, Cotogrande.

Fundación Convention Bureau. Creada o 24/11/2008, con sé social provisional na Praza do Rei s/n. A aportación ao capital fundacional foi de 6.000 euros, que representa un 16,67 por 100. As transferencias correntes comprometidas a esta fundación no exercicio foron por unha contía de 50.000 euros. O seu obxecto social o conforma os estudos turísticos, de opinión, de ocupación, e todo o relacionado coa promoción turística da cidade.



## **Fontes de financiación do estado de ingresos da Entidade Local**

En canto aos recursos que conforman o estado de ingresos do Orzamento, a entidade nítrese básicamente dos seus impostos e taxas, así como da cesión de rendementos recadatorios de impostos estatais e participación no fondo complementario de financiamento.

### **Cesión de tributos, Transferencias e subvencións correntes de outras Administracións.**

Os rendementos de impostos estatais e o fondo complementario foron por un importe neto de 63.056.630,40 euros, aos que lle hai que engadir, as compensacións pola liquidación negativa do ano 2008 por unha contía de 1.357.842,96 euros, sendo o total de 64.414.473,36 euros, que representa un 29,26 por 100 dos dereitos liquidados por operacións correntes no ano 2011, e que supón unha mellora en relación co ano 2010, xa que a porcentaxe era do 28,37 por 100, facéndose o cálculo sobre as contías netas, tanto nas contías recibidas como nos ingresos liquidados por operacións correntes. A subvención ao transporte urbano foi por un importe de 3.708.916,07 euros, estando contabilizadas no mesmo ano a do ano 2010 e 2011.

As transferencias da Comunidade Autónoma por participación nos ingresos da mesma, así como para o financiamento do Plan Concertado, o programa de drogodependencia, programas de inclusión, programa de familia, convenio de emigración, axudas para centros da 1ª infancia e outras, ascenderon a 9.650.193,59 euros, representando o 4,48 por 100 dos dereitos liquidados por operacións correntes. As subvencións a programas de emprego foron por unha contía de 1.223.984,53 euros, que representa un 0,57 por 100 dos ingresos correntes liquidados no ano 2011. As aportacións da Comunidade Autónoma manteñense en termos xerais constantes en relación co ano 2010.

As transferencias da Deputación ascenderon a 13.602,50 euros, que representaron un 0,0063 por 100 dos ingresos correntes liquidados no ano 2011, veñen a ser as máis baixas de toda a serie histórica analizada.

### **Ingresos Tributarios**

Dos ingresos tributarios (capítulo I, II e III), deducido os que corresponden á cesión de tributos do Estado (10.470.926,64 euros), ascenden a 132.401.413,8 euros, representan un 61,43 por 100 dos ingresos correntes liquidados no ano 2011, o que supón unha mellora nos ingresos destes capítulos, xa que pasan do 58,76 por 100 do ano 2010 o 61,43 por 100 do ano 2011.

Dentro desta calificación, o Imposto sobre Bens Inmóbles é o máis importante, ascendendo os dereitos recoñecidos netos a 55.775.877,14 euros, representando o 25,88 por 100 dos ingresos correntes liquidados no ano 2011, mellorando a importancia deste tributo en relación co ano 2010, pasando do 23,87 por 100 ao 25,88 por 100. Se a análise se fai en termos cuantitativos, a variación en relación co ano 2010 é do 3,42 por 100.

O Imposto sobre Actividades Económicas liquidouse por unha contía de 13.406.061,13 euros, representa o 6,22 por 100 dos dereitos liquidados por operacións correntes, pasando do 5,81 do ano 2010 ao 6,22 por 100 no ano 2011. A variación en relación co ano precedente é do 3,05 por 100.

As liquidacións do imposto sobre vehículos de tracción mecánica foron por unha contía de 15.359.523,92 euros, que representa un 7,13 por 100. A variación en relación co ano precedente é do 0,09 por 100.

O imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urban, representa o 2,31 por 100, fronte ao 2,03 por 100 do ano 2010 das operacións correntes, sendo os dereitos recoñecidos netos de 4.967.816,62 euros, e a variación en relación co ano 2010 é do 9,47 por 100.

No capítulo II, o Imposto sobre Construcións Instalacións e Obras e a súa regularización, xeraron liquidacións netas por unha contía de 2.595.555,50 euros, o que supón un 1,2 por 100 sobre os dereitos liquidados por operacións correntes fronte ao 1,89 por 100 do ano anterior, o que supón unha diminución do 38,58 por 100. Os demais dereitos que conforman este capítulo refírense á cesión do IVE e aos Impostos Especias que xa están analizados no epígrafe das cesións e transferencias doutras administracións.

As taxas e outros ingresos públicos, xeraron liquidacións netas por unha contía de 40.296.579,45 euros, representan o 18,69 por 100 sobre os dereitos liquidados por operacións correntes, representando unha mellora en relación co ano anterior, xa que, a porcentaxe foi do 18,53 por 100. As máis importantes son: recollida do lixo, que representa un 7,58 por 100, multas e sancións que representan un 4,24 por 100 e os aproveitamentos na vía pública pola utilización privativa do solo, que representan un 3,67 por 100. As liquidacións correspondentes ascenden a 16.345.511,02, 9.139.793,32 e 7.918.986,76 euros respectivamente.

### **Ingresos patrimoniais**

Liquidáronse por unha contía de 2.488.056,80 euros, que representan o 1,15 por 100 sobre os dereitos liquidados por operacións correntes fronte ao 1,25 por 100 do ano anterior, o que supón unha baixa do 11,28 por 100.

## Ingresos de capital non financeiros

As liquidacións netas correspondentes aos capítulos VI e VII ascenden a 8.807.606 euros, representan o 0,38 por 100 dos dereitos recoñecidos totais. Nestes ingresos hai unha variación moi importante en relación co ano 2010: o Fondo Estatal de Investimento Local supoñía uns dereitos liquidados de 26.973.753,75 euros. A estrutura destas liquidacións no ano 2011 é a seguinte: 5.999.654,76 euros corresponden ás achegas da Comunidade Autónoma, sendo a máis relevante a achega correspondente ao convenio de infraestruturas, e 2.195.611,70 euros, correspóndense coas liquidacións ao financiamento do Plan de mellora de Teis polos fondos Europeos.

## Ingresos de capital financeiros

Estas operacións representan un 4,61 por 100 da totalidade dos dereitos recoñecidos no orzamento, sendo o seu importe de 10.853.536,66 euros, sendo a de maior contía a correspondente á operación de endebedamento que consolidou por 10.372.093,53 euros.

Resumo das fontes de financiamento atendendo aos capítulos, tanto da entidade como dos estados consolidados.

| Capítulos    | Entidade              |                       |                              |                    |                       |                | Estados consolidados  |                       |                       |               |                       |              |
|--------------|-----------------------|-----------------------|------------------------------|--------------------|-----------------------|----------------|-----------------------|-----------------------|-----------------------|---------------|-----------------------|--------------|
|              | Pre. iniciais         | Prev.Definitivas      | Dereito R.Netos <sup>2</sup> | %                  | Ingreso Neto          | % <sup>3</sup> | Pre. iniciais         | Prev.Definitivas      | Dereito R.Netos       | %             | Ingreso Neto          | %            |
| I            | 93.057.993,00         | 93.057.993,00         | 95.011.071,57                | 102,1              | 84.078.842,45         | 88,49          | 93.057.993,00         | 93.058.081,49         | 95.011.071,57         | 102,1         | 84.078.842,45         | 88,49        |
| II           | 8.119.061,00          | 8.119.061,00          | 7.564.689,38                 | 92,09              | 6.914.456,61          | 91,4           | 8.119.061,00          | 8.119.152,40          | 7.564.689,38          | 92,09         | 6.914.456,61          | 91,40        |
| III          | 35.032.563,26         | 35.032.563,26         | 40.296.579,45                | 111,71             | 32.543.223,66         | 80,76          | 41.495.342,69         | 41.495.423,45         | 45.193.692,28         | 104,88        | 36.496.213,72         | 80,75        |
| IV           | 66.339.263,72         | 66.339.263,72         | 70.183.240,70                | 102,25             | 68.380.802,13         | 97,43          | 64.541.217,08         | 64.541.314,51         | 68.284.494,36         | 102,16        | 66.482.055,79         | 97,36        |
| V            | 3.441.654,00          | 3.441.654,00          | 2.488.056,80                 | 72,29              | 2.379.919,02          | 95,65          | 3.535.269,63          | 3.535.365,28          | 2.551.041,80          | 72,16         | 2.442.904,02          | 95,76        |
| VI           |                       |                       | 1.800,00                     | 0                  | 1.800,00              | 100            | ,00                   | 100,00                | 71.517,40             | 102,58        | 71.517,40             | 100,00       |
| VII          | 4.600.008,73          | 4.600.008,73          | 8.805.806,57                 | 176,98             | 3.277.533,73          | 37,22          | 4.328.790,00          | 4.328.827,22          | 9.620.735,84          | 166,14        | 3.006.315,00          | 31,25        |
| VIII         | 600.000,00            | 600.000,00            | 481.443,13                   | 80,24 <sup>4</sup> | 96.036,13             | 19,95          | 696.040,48            | 696.060,43            | 549.298,79            | 78,92         | 111.623,73            | 20,32        |
| IX           | 11.000.000,00         | 11.000.000,00         | 10.372.093,53                | 94,29              | ,00                   | 0              | 11.000.000,00         | 11.000.000,00         | 10.372.093,53         | 94,29         | ,00                   | 0,00         |
| <b>Total</b> | <b>222.190.543,71</b> | <b>222.190.543,71</b> | <b>235.204.781,13</b>        | <b>104,07</b>      | <b>197.672.613,73</b> | <b>84,04</b>   | <b>226.773.713,88</b> | <b>226.774.324,78</b> | <b>239.218.634,95</b> | <b>102,98</b> | <b>199.603.928,72</b> | <b>83,44</b> |

2 Sobre previsións definitivas

3 Sobre dereitos recoñecidos netos

4 Non se teñen en conta os remanentes

## **Entes que integran a Conta Xeral**

De conformidade co previsto no artigo 209 do TRLRHL, aprobado polo RDL 2/2004 e a Regra 97 da IMNCL, a Conta Xeral da Entidade estará conformada pola Conta da propia Entidade, a Conta dos Organismos Autónomos e as Contas das sociedades mercantís de capital integramente propiedade da Entidade Local. Cada un dos suxeitos contables ao que se refire o apartado anterior, deberá elaborar as súas propias contas anuais. Os suxeitos contables que van integrar a Conta Xeral da Entidade Local son os seguintes:

Concello de Vigo.

Organismos Autónomos Municipais de carácter administrativo:

Instituto Municipal dos Deportes.

Escola Municipal de Artes e Oficios.

Parque das Ciencias Vigo-Zoo.

Xerencia Municipal de Urbanismo.

## **2.- Xestión Indirecta de servizos públicos.**

**Concesión Administrativa do Transporte Público Urbano**, o seu obxecto é o transporte de viaxeiros no termo municipal, o prazo do contrato é de 25 anos. A data de inicio foi o 1 de xaneiro de 1995, o fin do contrato é o 31 de decembro de 2019. A adxudicataria da concesión é a mercantil Viguesa de Transportes, SA. Os bens adscritos pola concesionaria ao servizo pasarán a titularidade municipal ao remate da concesión. Os bens que son obxecto de reversión son os seguintes: terreos, instalacións e material móbil afecto ao servizo. O custo do servizo de acordo aos datos obtidos da contabilidade da concesionaria no ano 2011 foron de 22.194.569 euros. Recíbese anualmente subvención do Ministerio de Industria, a correspondente ao ano 2010-2011 foi de 3.708.916,07 euros. A Entidade Local subvenciona parte do billete de determinados colectivos sociais (xubilados, estudantes, diminuídos e outros, así como unha parte do billete ordinario a través da tarxeta verde), os gastos imputables ao orzamento do ano 2011 para subvencionar o custo destes colectivos foi de 9.800.000 euros. O servizo se retribúe co prezo aprobado anualmente pola Entidade Local.

**Servizo de abastecemento e saneamento**, o seu obxecto é a xestión do servizo de abastecemento e saneamento de auga así como o seu mantemento. O prazo do contrato é de 25 anos. A data de inicio foi o 1 de xaneiro de 1991, e o remate do contrato será o 31 de decembro 2015, aínda que o PCAP, prevé a posibilidade de prórroga. Ao abeiro desta prerrogativa, a Xunta de Goberno Local, prorrogou o prazo da Concesión 5 anos máis. Os bens adscritos ao servizo son a totalidade das redes de abastecemento e saneamento, os edificios de administración e o persoal que tiña a Sociedade Pública que prestaba o servizo (EMAVISA). A adxudicataria do contrato é a mercantil AQUALIA, SA. Os bens obxecto de reversión son as infraestruturas que a administración municipal adscribiu ao servizo e as que se incorporen durante a vixencia do mesmo. O custo do servizo no ano 2011 tomado a efectos da retribución do concesionario foi de 49.069.387 euros. O servizo retribúese coas taxas aprobadas anualmente pola Entidade Local.

**Conservación e reposición de parques infantís**, prazo 8 anos. A data de inicio do contrato foi o 1 de maio de 2005, o remate do contrato será o 30 de abril de 2013. Os bens adscritos son: o material e ferramentas do propio servizo. Adxudicatario CONTENUR ESPAÑA, SL. O prezo do contrato no ano 2011 foi de 347.764,46 euros. Os bens obxecto de reversión: material e ferramentas.

**Conservación e reposición de zonas verdes**, prazo 8 anos. A data de inicio do contrato foi o 1 de maio do 2005, o remate do contrato será o 30 de abril de 2013. Bens adscritos ao servizo: materiais e ferramentas. Adxudicataria CESPASA SA. O prezo do contrato no ano 2011 foi de 5.462.123,18 euros. Os bens obxecto de reversión: material e ferramentas

**Mantemento e conservación do alumeadado público**, prazo 8 anos. A data de inicio do contrato foi o 1 de maio de 2006, o fin do contrato será o 30 de abril de 2014. Adxudicataria IMES SA. O prezo do contrato no ano 2011 foi de 1.848.395,75 euros. Os bens obxecto de reversión: o material móbil e medios ofertados adscritos á xestión do servizo.

**Recollida e transporte de residuos sólidos urbanos, limpeza urbana e de praias**, prazo 16 anos. A data de inicio do contrato foi o 1 de abril de 2001, o remate do contrato será o 31 de marzo de 2017. Adxudicatario FOMENTO DE CONSTRUCCIONES E CONTRATAS S.A. O prezo do contrato no 2011 foi de 23.673.691,18 euros. Os bens obxecto de reversión: instalacións fixas referidas ao parque central, a totalidade do material móbil, elementos auxiliares e as instalacións do centro ecolóxico, aínda que éste xa se tomou a decisión pola Xunta de Goberno Local de non executar este investimento, solicitando a concesionaria o reintegro das contías cobradas ata a actualidade no transcurso do ano 2012.

**Instalación, limpeza, mantemento e reposición de colectores e papeleiras**, prazo do contrato é de 14 anos e 6 meses. A data de inicio foi o 1 de outubro de 2002, o remate do contrato será o 31 de marzo de 2017. Adxudicatario CONTENUR SL. O prezo do contrato no ano 2011 foi de 2.823.134,79 euros. Os bens obxecto de reversión: instalacións fixas referidas ao parque central, e a totalidade do material móbil e elementos auxiliares.

**Contenerización, recollida e transporte a recicladores autorizados de residuos sólidos urbanos**, prazo 13 anos. A data de inicio foi o 1 de outubro de 2003, o remate do contrato será o 31 de marzo de 2017. Adxudicatario UTE FOMENTO DE CONSTRUCCIONES E

CONTRATAS SA CONTENUR ESPAÑA SL. O prezo do contrato no ano 2011 foi de 2.137.326,77 euros. Os bens obxecto de reversión: instalacións fixas referidas ao parque central, e a totalidade do material móbil e elementos auxiliares.

**Mantemento da rede semafórica**, prazo do contrato 16 anos. A data de inicio foi o 1 de xullo de 2003, a finalización do contrato será o 30 de xuño de 2019. Adxudicatario UTE ESYCSA-ETRA. O prezo do contrato no ano 2011 foi de 2.853.771,60 euros.

**Xestión do servizo de estacionamento regulado mediante expendedores de tiquets na vía pública**. O obxecto contractual é a explotación do servizo de estacionamento regulado. O Adxudicatario do servizo é a mercantil DORNIER SA. Agora unha sentenza atende o contencioso, rexeitando a concesión, ben voltando ao inicio, ou se fose o caso de que existisen melloras técnicas importantes no mercado, volver a licitar de novo. O prazo do contrato é de 14 anos. Data de inicio do contrato 01/07/07, data de remate o 30/06/2021. Os bens afectos ao servizo son as vías públicas que teñen regulado o aparcamento en superficie. Os bens obxecto de reversión son os expendedores de tiquets,

**Xestión do servizo público de retirada, inmovilización, depósito e custodia dos vehículos indebidamente estacionados na vía pública**. O obxecto do contrato é o que se corresponde coa propia definición do mesmo. O Adxudicatario do servizo é SETEX APARKI SA. O prazo da concesión administrativa é de 16 anos. Data de inicio o 01/04/2007, o remate é o 31/03/2023. O prezo do contrato no ano 2011 foi de 2.322.304,44 euros. Os bens obxecto de reversión son os vehículos grúa e as instalacións do depósito.

**Están tamén en réxime de xestión indirecta a totalidade dos aparcamentos soterrados da cidade**. As concesionarias do servizo asumiron ao seu cargo as obras de investimento, e recuperan o seu valor a través da explotación dos mesmos coas tarifas que anualmente aproba a Entidade Local. Todos eles están suxeitos a un canon anual. No ano 2011, entrou en funcionamento o aparcamento soterrado da Rúa Areal.

### **3.- Bases de presentación das contas.**

As bases de presentación informan sobre os principios contables públicos aplicados, así como aqueles que por razóns xustificadas non se aplicasen, incidencia nas contas anuais que poidese terse feito, e a explicación das causas que puidesen impedir a comparación homoxénea das contas e estados contables.

**Principio de entidade contable**. Constitúe entidade contable tanto a Entidade Local como os seus organismo autónomos. Cada un dos entes que a conforman son suxeitos contables, con independencia da consolidación de estados que se estableza. En relación co anterior, o Pleno da Corporación non aprobou o tipo de consolidación a presentar, no entanto, estase facendo e incorporando á Liquidación do Orzamento, por Grupo de programas de gastos, Política de gasto e Áreas de gasto. En canto á clasificación económica, desenvólvese a todos os niveis da natureza económica do gasto e ingreso. A consolidación non só abarca aos estados orzamentarios, tamén se consolida o Balance, a Conta de

Resultado Económico-Patrimonial, o Remanente de Tesourería e o Resultado orzamentario.

**Principio de xestión continuada.** Non se alterou no transcurso de exercicio ningún principio, polo tanto non require xustificación algunha por manterse a uniformidade.

**Principio de importancia relativa.** Do mesmo xeito que no caso do principio de xestión continuada, tanto no rexistro como na aplicación dos feitos contables que se produciron ao longo do exercicio non se fixo uso deste principio, e naqueles casos nos que poidese existir algunha dúbida sobre a consideración dalgún pequeno gasto en canto a súa cualificación como de investimento ou de gasto corrente, acudiuse aos criterios de vida útil do citado ben, solicitando informe á unidade xestora correspondente da vida estimada do citado elemento en cuestión, sendo este o criterio de cualificación do mesmo.

**Principio de rexistro.** Todos os feitos contables rexistráronse na orde cronolóxica en que se produciron e tendo en conta a súa entrada no servizo de Contabilidade, non existindo baleiros nin saltos na información contable.

**Principio de prudencia.** Este é un dos principios aplicados con maior rigor: os ingresos contabilízanse cando realmente prodúcense, atendendo aos actos dos órganos competentes que os motivaron. Os gastos contabilízanse non só cando efectivamente prodúcense, senón cando existe risco previsible. Tendo en conta o anterior, dotáronse provisións para insolvencias por un importe de 74.006.237,87 euros, dotáronse as amortizacións por un importe de 7.065.193,45 euros e rexistráronse todos os soportes documentais que tiveron a súa entrada no rexistro de contabilidade ata o 31 de decembro que tiñan incidencia nos estados e contas anuais. En consecuencia co anterior, os estados e contas anuais recollen absolutamente todos os feitos contables coñecidos que aconteceron no exercicio, representando os citados estados a imaxe fidel da situación económico-patrimonial e financeira da Entidade Local.

**Principio de devengo.** A imputación temporal de ingresos e gastos faise en función da corrente de bens e servizos que os mesmos representan, non no momento en que se produce a corrente monetaria.

**Principio de imputación da transacción.** Os gastos e ingresos orzamentarios impútanse de acordo coa súa natureza económica, e no caso dos gastos, ademais, de acordo coa finalidade que con eles se pretende conseguir. As obrigas orzamentarias derivadas de adquisicións, obras, servizos, prestacións ou gastos en xeral impútanse ao orzamento do exercicio, coas salvidades establecidas no TRLRFL e Bases de Execución do Orzamento.

**Principio de prezo de adquisición.** Esta é a norma xeral, nos casos de obras realizadas pola administración, o prezo do ben o conforma o custo de execución.

**Principio de correlación de ingresos e gastos.** O sistema contable pon de manifesto esta correlación. O resultado económico-patrimonial o constitúe a diferenza entre os ingresos e os gastos económicos, é dicir, os de carácter orzamentario e non orzamentario, o resultado representa o aforro bruto positivo ou negativo.

**Principio de non compensación.** Naqueles supostos nos que a Entidade se encontrou con supostos de compensación entre ingresos e gastos, rexistrou dúas operacións: unha con cargo ao orzamento de gastos e outra no estado de ingresos, dando lugar en cada caso a un pago e ingreso virtual (formalización), sendo éste, xuntamente co principio de prudencia, o de devengo e o do prezo de adquisición, o que máis se vivía o seu cumprimento.

**Principio de desafectación.** Con carácter xeral os ingresos non teñen carácter de afectados, é dicir, os ingresos de carácter orzamentario destínanse a financiar a totalidade dos gastos de devandita natureza. Naqueles supostos que os ingresos tivesen a consideración de afectados, realízase un control separado dos mesmos o través dos proxectos de gastos e ingresos, analizando en cada caso a desviación de financiamento se a houberse aos efectos do cálculo do Resultado Orzamentario e do Remanente de Tesourería.

#### **4.- Normas de valoración**

Teñen como finalidade indicar os criterios tidos en conta no rexistro dos feitos contables, referidos ao inmovilizado, amortizacións, previsións, investimentos financeiros, dereitos e obrigas tanto Orzamentarias como non orzamentarias.

**Inmovilizado.** O criterio aplicado é o de custo de adquisición ou de produción, incluíndo no seu custo aqueles gastos que deben ser activados como é o caso da redacción do proxecto, dirección de obra, estudos e gastos de explanación, derribo se fose o caso e demais gastos ata a conclusión da obra ou proxecto concreto. Non se activan os gastos financeiros que se devenguen ata a finalización da obra ou posta en funcionamento do proxecto ou elemento no caso de que o investimento estea financiado con recursos obtidos no mercado de capitais.

**Dereitos a cobrar orzamentarios e obrigas Orzamentarias.** Os dereitos valóranse polo importe determinado no acto de liquidación que os xere, tanto os que procedan de ingresos sen contraprestación directa como os que sexan consecuencia de contraprestación de servizos, aproveitamento do dominio público ou realización de actividades. Os que proceden da venda de bens, rexístranse polo prezo acordado. As obrigas orzamentarias figuran polo importe a satisfacer.

**Compras e outros gastos.** A valoración de bens susceptibles de almacenamento e demais gastos, valóranse polo prezo de adquisición máis os transportes, é dicir, o prezo pagado ao subministrador dos mesmos. Ademais dos anteriores, naqueles casos, nos que o Imposto Sobre o Valor Engadido é un gasto soportado non deducible, o imposto compútase como un gasto, formando parte do prezo de adquisición do ben.

**Préstamos e demais endebedamentos.** Valóranse polo prezo de reembolso. A totalidade do endebedamento concertado está sometido a unha cota de amortización constante, polo que o importe que figura no Balance é o que está pendente de amortizar. Neste caso, debemos distinguir o que figura en acredores a longo prazo e o de curto prazo, figurando neste último aquela parte do endebedamento que ten vencemento no ano seguinte ao que corresponde a formación da Conta Xeral.



**Vendas e outros ingresos.** Valóranse polo importe dos dereitos de cobro xurdidos como consecuencia do acto de liquidación correspondente. As transferencias e subvencións, tanto correntes como de capital, valóranse pola cantidade concedida ou convenio suscrito. A participación na cesión de tributos do Estado, o Fondo Complementario, a Subvención ao Transporte, a participación nos ingresos da Comunidade Autónoma cualifícanse como ingresos sen contraído previo, polo tanto, non existen dereitos pendentes de racadar a fin de exercicio por estes conceptos.

## Segunda parte

Nesta parte, analizarase e ampliarase a información contida no Balance de Situación, na conta do Resultado Económico Patrimonial e no Estado de Liquidación do Orzamento, sen prexuízo que na terceira parte da memoria analícese os contidos que obrigatoriamente a conforman.

### 5.- Balance

#### Contas de inmovilizado

As contas do inmovilizado, reflicten a situación dada polo Balance a 31 de decembro de 2011. As variacións que se produciron no transcurso do exercicio veñen reflectidas no Balance pola diferenza entre os saldos ao peche do ano 2010 e 2011. O cadro de financiamento tamén representa un estado axeitado para a análise do Balance mostrando as variacións en canto a orixes e aplicacións así como as variacións do circulante. En calquera caso, na maioría das masas patrimoniais, procederase a unha análise máis de detalle naqueles casos nas que as variacións sexan resaltables.

Ao non estar previsto no Plan Xeral de Contabilidade Pública adaptado á Administración Local (PGCPAL), a conta de inmovilizado en curso, os rexistros contables derivados da execución orzamentaria que teña efectos no inmovilizado, teñen o seu reflexo contable na conta correspondente do PGCPAL, con independencia de que a obriga que se estea recoñecendo correspóndase cun ben ou obra terminada ou trátese dunha fracción da mesma. O citado procedemento de imputación directa, xera desviacións entre os valores do inmovilizado que recolle o Balance de Situación e o Inventario Municipal de Bens, estando este último xestionado nun módulo independente que non depende da contabilidade e que non está actualizado, correspondendo a explotación do mesmo ao servizo de Patrimonio.

Parece evidente que sería aconsellable que o servizo encargado do control do patrimonio pase a depender do Grupo de Programas dos Servizos Económicos para asegurar a súa actualización e a contrastación da súa información cos estados contables anuais, así como a

necesidade de que as modificacións do inventario prodúzanse automaticamente desde o punto de vista técnico, é dicir, que cando o gasto alcance a fase de obriga recoñecida, prodúzase a alta no inventario, sen ben ésta sería provisional, quedando suxeito o acto a que as variacións do mesmo sexan aprobadas polo órgano competente, previa proposta da unidade responsable.

No relativo ás amortizacións do inmovilizado, tomouse como base de cálculo os saldos que figuran no Balance a 31 de decembro do exercicio anterior. A imputación sobre saldos do exercicio anterior se fundamenta nas seguintes vantaxes: a) o calcular as cotas sobre períodos enteiros, evítase a análise das adquisicións que se efectuaron no período, así como o número de meses que transcorren dende a súa adquisición ata o peche do exercicio, b), permite, na maioría dos casos, que a amortización se realice sobre bens xa terminados e non sobre inmovilizados en curso. O método aplicado é unha continuidade do criterio establecido no ano 1992, polo tanto, cumpre co principio de xestión continuada e de uniformidade.

Ao saldo da conta 221, dedúceselle o valor do solo que figura en cada ficha dos bens da Entidade. Unha vez que se deduce o custo do solo calcúlanse as amortizacións imputables ao exercicio.

En canto ás porcentaxes de amortización, véñense aplicando as que figuran na documentación anexa que se achegou para a aprobación da rectificación do Inventario a 31 de decembro de 1991, homoxeneizando a porcentaxe de imputación da conta 221 ao 2 por 100 con independencia do destino da construción. Para o mobiliario, maquinaria e elementos de transporte o tipo que se está aplicando é do 10 por 100, e para os equipos informáticos o 20 por 100.

Sen prexuízo de que a amortización acumulada do inmovilizado material figure nunha conta sen desglose, inicialmente dispoñíase no módulo de patrimonio dun control individualizado de cada elemento do inmovilizado que permitía coñecer os datos relativos ao seu valor inicial (custo histórico ou valor de taxación), valor neto contable e a súa amortización acumulada. A citada información figura no módulo xestionado polo servizo de Patrimonio, sobre o que non exerce control algún a unidade de Contabilidade, pero como se advertiu, non está actualizado. Como consecuencia do anterior, o coñecemento dos datos individualizados relativos aos elementos que conforman o Inventario de Bens, só son dispoñibles para aqueles bens que figuraban na revisión-actualización de 31 de decembro de 1991. Descoñecemos igualmente se o citado módulo está operativo, xa que a amortización faise sobre os datos que figuran no Balance de Situación.

En resumo, pódese asegurar, que o Inventario de Bens non coincide cos valores que figuran no Balance de Situación, nuns casos, porque estase a producir un desfase temporal entre o recoñecemento da obriga nos estados contables e a alta no Inventario de Bens (que está sen actualizar) que ten ó seu cargo o servizo de Patrimonio. Noutros casos, porque non se están actualizando as variacións no citado inventario por novas altas. Pero o que está producindo máis desviacións e que produce unha falta de conciliación de saldos, é a non incorporación das melloras de activos existentes (investimentos de reposición e melloras inventariables), que se producen nos bens, que como é natural, dende o punto de vista económico, incorpóranse ao balance e demáis estados contables xerando incrementos do inmovilizado cando se rexistra a fase contable de recoñecemento da obriga.

Para evitar desaxustes en canto á dotación para amortizacións, éstas efectúanse de acordo aos saldos do Balance de Situación. Non entanto o anterior, non estamos seguros se a suma da amortización acumulada que figura no Balance de Situación coincide coa suma das amortizacións que figuran na fichas individuais de cada un dos bens que están rexistrados no inventario, sendo estas desviacións motivada polas razóns antes expostas. Aplicando criterios de prudencia, cando se produce unha baixa nun elemento do inmovilizado, a amortización acumulada que se ten en conta aos efectos de baixa, é a que está na ficha particular do elemento do inmovilizado se ésta é coñecida, no suposto que se trate dun elemento do inmovilizado que non figure no Inventario de Bens, calcularáselle a amortización ao tipo vixente polo período de vida que o citado elemento formou parte do Balance. Debemos explicitar de novo que as fichas dos antigos bens non están actualizadas, en consecuencia tampouco o están os valores netos contables nin as amortizacións contables.

Resulta necesario e urxente a toma de decisións que permita a actualización do Inventario de Bens, a separación do Patrimonio Municipal do Solo, así como o súa conciliación de valores cos estados contables. De esa actualización resultará igualmente unha amortización acumulada, que as fichas dos elementos do inmovilizado a informarán individualizadamente, que permita crear unha conta contable de amortización acumulada para cada unha das contas do inmovilizado, é dicir, contas do PGCAPAL, xa que entendemos que non tería sentido a creación dunha conta de amortización acumulada para cada elemento, xa que esa información estaría dispoñible no sistema de control informático do Inventario de Bens. Unha vez que se coñezan os valores, procederase á regularización tanto dos bens como da súa amortización acumulada. No caso de que existan excesos de dotacións, procederase ao seu cargo con abono a unha a conta 7799.

Á data de formación da Conta Xeral, e despois de varios intentos, está adxudicado o contrato para executar os traballos conducentes a revisión e actualización do Inventario, aínda que todavía non se formalización o mesmo, polo tanto os traballos están sin iniciar.

En reunións cos responsables do servizo de Patrimonio celebradas entre o 17 e 20 de maio de 2005, e ao obxecto de dar cumprimento aos requirimentos da nova ICAL, solicitóuselles a remisión da información patrimonial, o Patrimonio Municipal do Solo, elementos e bens que están nos organismos autónomos que están pendentes de realizar a adscrición, a relación de bens en cesión, as valoracións dos bens, amortización acumulada de cada un dos elementos a partir da revisión-actualización aprobada e que se refería aos valores a 31 de decembro de 1991, todo iso aos efectos de dar cumprimento ao principio de imaxe fidel dos estados e contas anuais e dos requirimentos da IMNCL, esta información non foi remitida, e polo tanto, toda a información que se da en relación co Inventario de Bens, é a que se obtén dos estados contables. Hai que facer constar, que a devandita información non se remitiu o día de hoxe.

O inmovilizado inmaterial aos efectos de amortización ten o mesmo tratamento temporal (n-1), que o material, sendo o tipo de amortización que se está aplicando o 50 por 100. A fundamentación para a aplicación dun coeficiente de amortización tan elevado, xustifícase polo carácter tan excepcional do inmovilizado inmaterial, entendéndose que os mesmos deben amortizarse o máis axiña posible, eliminando así todo saldo que poidese xerar sesgos na análise de Balances ( análises patrimonial, financeiro e económico).

Outro obxectivo a conquistar con este criterio, é a adaptación dos estados anuais ao principio fundamental de "Imaxe Fidel" do

patrimonio e da situación financeira da Entidade.

O tratamento que se vén aplicando ao artigo 20 do PGCPAL, coa excepción da conta 208, é o de traspaso á conta 109 (“patrimonio entregado ao uso xeral”) polo importe que figura no Balance de situación a 31 de decembro do exercicio anterior ao que corresponde a rendición da conta, sendo este procedemento equivalente ao seguido coas amortizacións.

É importante resaltar, que dentro do Inmobilizado, figura aquel que debe estar adscrito aos Organismos Autónomos Administrativos, como patrimonio entregado en adscrición no Balance da Entidade Local e como patrimonio recibido en adscrición no Balance do Organismo Autónomo. Non entando o anterior, todo o inmobilizado, excepto a maquinaria e o mobiliario dos Organismos e o edificio do Parque das Ciencias Vigo-Zoo, figura nas contas do inmobilizado do Concello, imputándose a amortización do mesmo á conta de resultados económico-patrimoniais da Entidade, excepto os elementos antes sinalados. Será necesario que a revisión do Inventario de Bens separe os bens dos Organismos Autónomos e adóptense os acordos correspondentes para a adscrición dos mesmos aos OO.AA, dando a baixa no Inventario da Entidade Local con abono o Subgrupo 22 e cargando a conta 107, mentres nos OO.AA, cargarán o Subgrupo 22 e abonarán a conta 101, tendo en conta as amortizacións acumuladas afectas os mesmos e as provisións se fose o caso.

En canto ao Patrimonio Público do Solo, ao non estar separado, non é posible informar sobre o saldo inicial, entradas ou dotacións, aumentos por transferencias ou traspasos doutras contas, saídas, baixas, diminucións por transferencias ou traspaso doutras contas e o seu saldo final. En resumo, todo o relacionado co Inmobilizado, está condicionado pola falta de información que se deriva do Inventario de Bens e Dereitos da Entidade. Non entanto o anterior, tamén hai que ter en conta, que debe ser o Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo, o que informe sobre este apartado, xa que o seu obxecto social é precisamente a xestión de solo, aínda que non existe separación contable dos citados bens, e o Organismo Autónomo que ten toda a información relacionada co PPS.

A análise dos investimentos destinados ao uso xeral e do resto do inmobilizado analizarase e explicarse na terceira parte desta memoria.

## **6.- Conta do Resultado Económico-Patrimonial**

Estado éste que substituiu ao estado de perdas e ganancias no Plan de Contabilidade Pública do ano 1990, resumindo nun só documento os resultados de explotación, os resultados extraordinarios, o resultado da carteira de valores e o resultado das variacións de dereitos e obrigas de exercicios pechados.

A conta de resultado económico-patrimonial, recolle a diferenza que se produce entre as vendas e ingresos por prestación de servizos, os aumentos de existencias, os ingresos de xestión común, outros ingresos de xestión común, as transferencias e subvencións e as ganancias e

ingresos extraordinarios, deducindo os gastos de funcionamento dos servizos e prestacións sociais, gastos financeiros, redución de existencias, transferencias e subvencións e perdas e gastos extraordinarios. O estado recolle non só os ingresos e gastos orzamentarios, senón os non orzamentarios, neste apartado están as amortizacións, provisións, axustes por gastos devengados e non vencidos e demais que poidan ter efecto sobre o resultado económico patrimonial do exercicio.

O resultado final é de (5.675.327,30) euros, producíndose unha minoración con respecto o ano 2010, xa que nese exercicio o resultado foi de 40.703.431,94 euros, sendo factores explicativos desta variación os seguintes:

- Os ingresos de xestión común milloraron en relación ao ano 2010 nun 1,01 por 100.
- Os gastos de funcionamento dos servizos mantiveronse estables en termos cuantitativos.
- As transferencias e subvencións concedidas pola entidade, diminuíron un 8,28 por 100.
- As transferencias e subvencións corrientes recibidas diminuíron nun 31,54 por 100 (23.354.751 euros)
- As Subvencións de capital recibidas baixaron nun 71,93 por 100 (21.866.129 euros)

En resumo, o desaforro que se produce no resultado económico patrimonial entre o ano 2010 e 2011, está delimitado ao menor importe das achegas que proceden doutras administracións, onde tivo un impacto moi importante o FEESL, a minoración como consecuencia da compensación na participación nos tributos do Estado pola liquidación negativa do ano 2008, un menor importe das transferencias da Comunidade Autónoma. A xestión común tanto dos ingresos como do custo do servizo mantívose estable.

## **7.- Estado de Liquidación do Orzamento**

### **Normativa**

A normativa reguladora da Liquidación dos orzamentos atopase recollida nos seguintes textos legais e regulamentarios:

- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Regulamento Orzamentario (R.P.), aprobado polo Real Decreto 500/1990, de 20 de abril (B.O.E. núm. 101, de 27 de abril, corrección de erros no B.O.E. núm. 136, de 7 de xuño de 1990), (arts. 89 a 105 ).

- Instrucción do Modelo Normal de Contabilidade para a Administración Local, aprobada pola Orde do Ministerio de Economía e Facenda 4041/2004, de 23 de novembro, pola que se aproba a Instrucción do Modelo Normal de Contabilidade Local.
- Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001 de estabilidade orzamentaria.
- Real Decreto Lexislativo 2/2007, de 28 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral de Estabilidade Orzamentaria.
- Lei 51/2002, de 27 de decembro, de reforma de la Lei 39/1988, de 28 de diciembre, Reguladora das Facendas Locais.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local coa modificación introducida pola Lei 57/2003 de, de 16 de decembro, para a modernización do goberno local.
- Orde de Economía e Facenda 3665/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura orzamentaria das entidades locais.

### **Resultado Orzamentario**

Da normativa reseñada, e máis concretamente, dos arts. 191.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, en adiante TRLRFL, e art. 93.1 do R.P, aprobado polo Real Decreto 500/1990, o orzamento de cada exercicio liquidarase en canto á recadación de dereitos e o pago de obrigas ao 31 de decembro de cada ano, e porá de manifesto:

- Respecto do Orzamento de Gastos, e para cada aplicación orzamentaria, os créditos iniciais, as súas modificacións e os créditos definitivos, os gastos autorizados e comprometidos, as obrigas recoñecidas, e os pagos realizados.
- Respecto do Orzamento de Ingresos, e para cada un dos conceptos, as previsións iniciais, as súas modificación e as previsións definitivas, os dereitos recoñecidos e anulados así como os recadados netos.
- Respecto das operacións do Orzamento pechado, para os ingresos, as modificacións das previsións, dereitos anulados, dereitos cancelados, recadación e pendente de cobro. En canto ás obrigas, o saldo inicial, as modificacións, pagamentos feitos e obrigas pendentes a 31 de decembro.
- Como consecuencia da liquidación, e de acordo co previsto nos arts. 191.2 do TRLRFL e 93.2 do R.P, teñen que quedar determinados, polo seu carácter obrigatorio:

- ✓ Resultado Orzamentario.
- ✓ Remanente de Tesourería.
- ✓ Os Remanentes de crédito
- ✓ Os dereitos pendentes de cobro e as obrigas pendentes de pagamento a 31 de decembro, do orzamento corrente e pechados.

Aos efectos de medir os resultados, tamén se incorporará ao informe, distintos indicadores e magnitudes comparadas, de tal xeito que poderás facer unha comparativa dos estados de execución, pagos, liquidez e demais datos e magnitudes de interese.

O **Resultado Orzamentario** do exercicio (art. 96 R.P., e OMEH 4041/2004.), virá determinado pola diferenza entre:

- Os dereitos orzamentarios liquidados por operacións correntes non financeiras, nos seus valores netos, é dicir, deducidos aqueles que, por calquera motivo, foran anulados; e as obrigas recoñecidas por operacións correntes non financeiras, nos seus valores netos, é dicir, deducidas aquelas que, por calquera motivo, fosen anuladas, conformando estas dúas magnitudes o resultado de operacións correntes. Do mesmo xeito, calcularase o resultado das operacións de capital non financeiras. O resultado será o chamado Resultado Orzamentario do exercicio por Operacións non financeiras (RPENF).
- Calcularase igualmente o resultado das operacións financeiras pola diferenza entre os valores netos dos dereitos recoñecidos por activos e pasivos financeiros e as obrigas recoñecidas netas.

O resultado anterior dará lugar ao cálculo do Resultado Orzamentario do exercicio, que deberá ser obxecto de axustes. En execución do previsto no art.97 R.P, o resultado deberá axustarse por:

- As desviacións de financiamento, derivadas de gastos con financiamento afectado tanto positivas como negativas, e
- Os créditos gastados correspondentes a modificacións orzamentarias que sexan financiadas con Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais.

As operacións de liquidación do Orzamento, documentadas no modelo de Estado de Liquidación do Orzamento, reflectirá, respecto ao Orzamento de Gastos, os correspondentes "remanentes de crédito", constituídos polos saldos de créditos definitivos non afectados ao cumprimento de obrigas recoñecidas (Art. 175 do TRLRFL, e Art. 98 R.P), e porá de manifesto os créditos orzamentarios, os comprometidos, as obrigas recoñecidas, os pagos e as obrigas pendentes de pagamento a fin de exercicio.

### **Remanente de Tesourería**

O Remanente de Tesourería regulado polo art. 191.2 do TRLRFL, e arts. 101 a 104 do R.P. e Regras 81 a 86 da Orde de EHA 4041/20014, pola que se aproba a Instrucción do Modelo Normal de Contabilidade Local, calcularase segundo os seguintes compoñentes da contabilidade xeral:

*Fondos líquidos de Tesourería a fin de exercicio.*

- Saldos das contas que integra o subgrupo 57, Regra 84 da ICAL (contas 570, 571, 573, 574.1, 575.1, 575.9, 577 e 578).

*Dereitos pendentes de cobro en fin de exercicio, Regra 85 da Instrucción do Modelo Normal de Contabilidade Local:*

- De Orzamento Corrente, conformados polos saldos das divisionarias da conta 430.
- De Orzamento Pechados, conformados polos saldos das divisionarias da conta 431.
- De dereitos pendentes de saldos de debedores non orzamentarios, conformados polas seguintes contas: 260, Fianzas constituídas a longo prazo, 265, Depósitos constituídos a longo prazo, 440, Debedores por IVA repercutido, 442, Debedores por servizos de recaudación, 449, Outros debedores non orzamentarios, 470, 471, correspondentes a saldos debedores con Administracións Públicas, 472, Facenda Pública por IVA soportado, 565, 566 Fianzas e Depósitos constituídos a curto prazo saldo debedor, e saldo debedor da conta 456.

Inclúese o saldo das divisionarias da conta 446, por ser ésta a que recolle as ordes de ingreso non orzamentario pendentes de aplicar ao orzamento, ben por fianzas ou outros conceptos, deste xeito, queda compensado o saldo que debería estar nas contas que conforman o subgrupo 56.

minorados con:

- Ingresos pendentes de aplicación: conta 554 e 559, tendo en conta as súas divisionarias.

*Obrigas pendentes de pagamento ao peche do exercicio, Regra 86 da Instrucción do Modelo Normal de Contabilidade Local.*

- Pendentes de pagamento de exercicio corrente, conta 400.
- Pendentes de pagamento de exercicios anteriores, conta 401.



➤ De saldos de contas de acreedores non orzamentarios: conta 180, 185, Fianzas e Depósitos recibidos a longo prazo, conta 410, acreedores por IVA soportado, 414, Entes públicos acreedores por recadación de recursos, a divisionaria da 416, polas ordes de pagamento non orzamentarias que están pendentes de pagamento, 419, Outros acreedores non orzamentarios, 453, Entes Públicos por ingresos pendentes de liquidar , 456, Entes Públicos c/c en efectivo, 475, 476, saldos acreedores de Administracións Públicas, 477, Facenda Pública IVA repercutido, 502, 507, 522 e 525 por empréstitos e Operacións de Tesourería, 560, 561, Fianzas e Depósitos recibidos a curto prazo.

Inclúese a conta coas divisionarias da 416, xa que ven a recoller os saldos das ordes de pagamento pendentes de aplicación por devolución de fianzas, ou outros saldos non orzamentarios, que unha vez que se expide a orde de pagamento, minora o saldo acreedor, quedando o mesmo nas divisionarias da conta 416 ata que se produce o pagamento.

minorados con:

➤ Saldo da conta 555 e 558.1, Pagos pendentes de aplicación e provisións para anticipos de caixa fixa pendentes de xustificación.

O Remanente de Tesourería total conformado polos fondos líquidos máis os dereitos pendentes de cobro menos as obrigas pendentes de pagamento, será axustado por:

➤ Dereitos de difícil ou imposible recadación, segundo os criterios que a este respecto fixe a propia entidade, de acordo co establecido no art. 191.2 do TRLRFL e 103 do R.P.

➤ Polo exceso de financiamento afectado.

O Remanente de Tesourería, unha vez así calculado, si resultase cun saldo "positivo", conforma o chamado remanente líquido de tesourería para gastos xerais, constituindo un recurso para financiar modificacións de crédito no orzamento do exercicio seguinte (arts. 177.4 e 182 do TRLRFL, e arts. 36, 48 e 104.2 do RP).

No caso de liquidación do orzamento con Remanente de Tesourería "negativo", o Pleno da Corporación procederá, na primeira sesión que celebre con posterioridade a aprobación da liquidación orzamentaria, á redución de gastos no Orzamento por unha contía igual ao déficit producido, e de non ser posible a redución do gasto, poderá concertar unha operación de crédito (nos termos e co quórum requirido polo art. 177.5 do TRLRFL en relación co art. 47-2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local LBRL. polo importe do Remanente de Tesourería negativo.

En todas as análises vaise a amosar tanto a Entidade Local como es estados consolidados, conformados polos da:

Entidade Local

Instituto Municipal dos Deportes

Xerencia Municipal de Urbanismo

Escola Municipal de Artes e Oficios

Parque das Ciencias Vigo Zoo

Tamén se vai a mostrar os axustes que se fixeron entre a suma dos dereitos, obrigas, cobros e pagamentos comúns entre os Organismos Autónomos Administrativos e a Entidade Local.

Analizarase por separado, os dereitos e as obrigas pendentas de cobro e pagamento de orzamentos pechados, da Entidade e dos OO.AA, sen prexuízo de que tamén se faga nos estados consolidados. A finalidade non é outra que alertar sobre saldos que teñen unha elevada antigüedad e que sería axeitado estudalos e propoñer algunha alternativa que permita unha imaxe fidel dos estados contables.

**Táboa 1. Resumo dos créditos orzamentarios, conformando os créditos iniciais, as modificacións e os definitivos.**

| Capítulos    | Entidade                      |                      |                       |                           |                      |                       | Estados Consolidados          |                      |                       |                           |                      |                       |
|--------------|-------------------------------|----------------------|-----------------------|---------------------------|----------------------|-----------------------|-------------------------------|----------------------|-----------------------|---------------------------|----------------------|-----------------------|
|              | Previsións Estado de Ingresos |                      |                       | Créditos Estado de Gastos |                      |                       | Previsións Estado de Ingresos |                      |                       | Créditos Estado de Gastos |                      |                       |
|              | Iniciais                      | Modificacións        | Definitivas           | Iniciais                  | Modificacións        | Definitivos           | Iniciais                      | Modificacións        | Definitivas           | Iniciais                  | Modificacións        | Definitivos           |
| I            | 93.057.993,00                 | ,00                  | 93.057.993,00         | 59.099.469,74             | 1.476.889,06         | 60.576.358,80         | 93.057.993,00                 | ,00                  | 93.057.993,00         | 67.361.167,95             | 1.413.201,54         | 68.774.369,49         |
| II           | 8.119.061,00                  | 95.221,92            | 8.214.282,92          | 100.276.882,08            | 7.332.669,69         | 107.609.551,77        | 8.119.061,00                  | 95.221,92            | 8.214.282,92          | 107.737.774,01            | 8.446.317,86         | 116.184.091,87        |
| III          | 35.032.563,26                 | 1.039.206,51         | 36.071.769,77         | 1.072.748,41              | -69.636,77           | 1.003.111,64          | 41.495.342,69                 | 1.596.365,16         | 43.091.707,85         | 1.072.778,41              | -69.636,77           | 1.003.141,64          |
| IV           | 66.339.263,72                 | 2.301.925,00         | 68.641.188,72         | 31.360.826,56             | 1.355.303,15         | 32.716.129,71         | 64.541.217,08                 | 2.301.925,00         | 66.843.142,08         | 20.066.544,20             | 1.355.303,15         | 21.421.847,35         |
| V            | 3.441.654,00                  |                      | 3.441.654,00          |                           |                      |                       | 3.535.269,63                  | ,00                  | 3.535.269,63          |                           |                      |                       |
| VI           |                               |                      |                       | 16.205.834,66             | 35.758.006,34        | 51.963.841,00         | ,00                           | 69.717,40            | 69.717,40             | 16.939.626,57             | 37.416.828,31        | 54.356.454,88         |
| VII          | 4.600.008,73                  | 375.630,84           | 4.975.639,57          | 1.090.000,00              | 5.623.180,29         | 6.713.180,29          | 4.328.790,00                  | 1.461.778,84         | 5.790.568,84          | 415.000,00                | 7.258.703,09         | 7.673.703,09          |
| VIII         | 600.000,00                    | 47.664.427,49        | 48.264.427,49         | 601.000,00                |                      | 601.000,00            | 696.040,48                    | 50.295.708,86        | 50.991.749,34         | 697.040,48                | ,00                  | 697.040,48            |
| IX           | 11.000.000,00                 |                      | 11.000.000,00         | 12.483.782,26             |                      | 12.483.782,26         | 11.000.000,00                 | ,00                  | 11.000.000,00         | 12.483.782,26             | ,00                  | 12.483.782,26         |
| <b>Total</b> | <b>222.190.543,71</b>         | <b>51.476.411,76</b> | <b>273.666.955,47</b> | <b>222.190.543,71</b>     | <b>51.476.411,76</b> | <b>273.666.955,47</b> | <b>226.773.713,88</b>         | <b>55.820.717,18</b> | <b>282.594.431,06</b> | <b>226.773.713,88</b>     | <b>55.820.717,18</b> | <b>282.594.431,06</b> |

As modificacións entre os estados iniciais e definitivos, supoñen unha variación do 23,17 por 100, estando conformadas polas seguintes modificacións orzamentarias

| Institución          | Créditos Extraordinarios | Suplementos de Crédito | Amplicacións de Crédito | Transferencias |               | Incorporacións Remanentes | Xeracións de créditos | Baixas por anulación | Total         |
|----------------------|--------------------------|------------------------|-------------------------|----------------|---------------|---------------------------|-----------------------|----------------------|---------------|
|                      |                          |                        |                         | Positivas      | Negativas     |                           |                       |                      |               |
| Entidade Local       | 13.550.326,16            | 489.333,40             | 1.123.572,92            | 5.783.620,53   | -5.783.620,53 | 41.641.810,11             | 2.688.411,35          | -8.017.042,18        | 51.476.411,76 |
| Estados Consolidados | 13.566.024,16            | 489.333,40             | 1.123.572,92            | 5.951.898,72   | -5.951.898,72 | 44.273.091,48             | 4.401.435,40          | -8.032.740,18        | 55.820.717,18 |

A variación entre os estados iniciais e definitivos é moi importante, as modificacións orzamentarias en saldos netos, representan un 23,17 por 100 na entidade Local e un 24,62 nos estados consolidados, si ben a maoría procede da incorporación de remanentes, por unha contía de 41.641.810,11 euros é 44.273.091,48 euros respectivamente.

**Táboa 2. Execución dos orzamentos nas fases de dereitos recoñecidos brutos, anulacións e cancelacións, gastos autorizados e comprometidos.**

| Capítulos    | Entidade                     |                     |                            |                       | Estados Consolidados         |                     |                            |                       |
|--------------|------------------------------|---------------------|----------------------------|-----------------------|------------------------------|---------------------|----------------------------|-----------------------|
|              | Execución Estado de Ingresos |                     | Execución Estado de Gastos |                       | Execución Estado de Ingresos |                     | Execución Estado de Gastos |                       |
|              | Dereitos Recoñecidos         | Anulacións          | Autorizados                | Comprometidos         | Dereitos Recoñecidos         | Anulacións          | Autorizados                | Comprometidos         |
| I            | 95.469.187,35                | 458.115,78          | 58.126.086,06              | 58.126.086,06         | 95.469.187,35                | 458.115,78          | 65.445.299,66              | 65.445.299,66         |
| II           | 7.654.223,10                 | 89.533,72           | 105.232.851,07             | 105.117.455,84        | 7.654.223,10                 | 89.533,72           | 112.526.509,20             | 112.411.113,97        |
| III          | 40.678.133,01                | 381.553,56          | 571.724,70                 | 571.724,70            | 45.586.875,05                | 393.182,77          | 571.724,70                 | 571.724,70            |
| IV           | 71.580.383,22                | 1.397.142,52        | 30.970.679,48              | 30.963.007,91         | 69.681.636,88                | 1.397.142,52        | 19.657.274,14              | 19.649.602,57         |
| V            | 2.523.442,32                 | 35.385,52           |                            |                       | 2.586.562,98                 | 35.521,18           |                            |                       |
| VI           | 1.800,00                     |                     | 50.685.613,31              | 50.685.613,31         | 71.517,40                    | ,00                 | 51.602.346,25              | 51.602.346,25         |
| VII          | 9.105.806,57                 | 300.000,00          | 1.692.399,26               | 1.692.399,26          | 9.920.735,84                 | 300.000,00          | 1.692.077,12               | 1.692.077,12          |
| VIII         | 481.480,69                   | 37,56               | 481.406,64                 | 481.405,64            | 549.336,35                   | 37,56               | 543.261,30                 | 543.261,30            |
| IX           | 10.372.093,53                |                     | 12.278.126,30              | 12.278.126,30         | 10.372.093,53                | ,00                 | 12.278.126,30              | 12.278.126,30         |
| <b>Total</b> | <b>237.866.549,79</b>        | <b>2.661.768,66</b> | <b>260.038.886,82</b>      | <b>259.915.819,02</b> | <b>241.892.168,48</b>        | <b>2.673.533,53</b> | <b>264.316.618,67</b>      | <b>264.193.551,87</b> |

O índice de tramitación de gastos foi alto, xa que as autorizacións representan un 95,15 por 100 sobre o orzamento definitivo, chegando casi na súa totalidade a fase de compromiso, mentras que os compromisos adquiridos foron dun 94,98 por 100, e deles chegaron a recoñecemento de obrigas máis do 96 por 100, aínda que si éstas se miden sobre os créditos definitivos, baixa a porcentaxe.

En canto ao orzamento de ingresos, faise a análise na táboa seguinte, onde se analizan as contías de acordo os seus importes netos, tanto nos dereitos como na recadación.

As anulacións tramitadas no exercicio que corresponden ao ano representan unha porcentaxe do 0,97 por 100 na entidade local e dun 0,95 por 100 nos estados consolidados.

**Táboa 3. Execución dos estados de gastos e ingresos**

| Capiulo      | Entidade              |                    |                       |                |                       |              |                       |              | Estados consolidados  |               |                       |              |                       |              |                       |              |
|--------------|-----------------------|--------------------|-----------------------|----------------|-----------------------|--------------|-----------------------|--------------|-----------------------|---------------|-----------------------|--------------|-----------------------|--------------|-----------------------|--------------|
|              | Dereito R.Netto       | % <sup>5</sup>     | Ingreso Neto          | % <sup>6</sup> | Obriga R. Neta        | %            | Pago Neto             | %            | Dereito R.Netto       | %             | Ingreso R. Neto       | %            | Obriga R. Neta        | %            | Pago Neto             | %            |
| <b>I</b>     | 95.011.071,57         | 102,1              | 84.078.842,45         | 88,49          | 58.108.723,65         | 95,93        | 57.607.900,76         | 99,36        | 95.011.071,57         | 102,1         | 84.078.842,45         | 88,49        | 65.427.937,25         | 95,13        | 65.001.926,27         | 99,35        |
| <b>II</b>    | 7.564.689,38          | 92,09              | 6.914.456,61          | 91,4           | 103.964.184,16        | 96,61        | 85.394.327,78         | 82,19        | 7.564.689,38          | 92,09         | 6.914.456,61          | 91,40        | 111.178.617,27        | 95,69        | 91.628.931,63         | 82,42        |
| <b>III</b>   | 40.296.579,45         | 111,71             | 32.543.223,66         | 80,76          | 571.724,70            | 57           | 571.724,70            | 100          | 45.193.692,28         | 104,88        | 36.496.213,72         | 80,75        | 571.724,70            | 56,99        | 571.724,70            | 100,00       |
| <b>IV</b>    | 70.183.240,70         | 102,25             | 68.380.802,13         | 97,43          | 29.557.124,77         | 90,34        | 28.713.640,97         | 97,22        | 68.284.494,36         | 102,16        | 66.482.055,79         | 97,36        | 18.243.719,43         | 85,16        | 17.421.840,63         | 95,50        |
exercicio, polo que existe unha correspondencia entre os fondos recibidos e aplicados dentro do ano.

### 18.- Información sobre valores recibidos en depósito

O estado de referencia separa os depósitos de valores da Entidade e os de Urbanismo, depósitos estes últimos que se fan na Entidade Local. A xustificación desta diminución está nos depósitos devoltos como consecuencia do plan de investimento orzamentario e dos propios contratos de servizos, pero sobre todo, pola terminación dos investimentos correspondentes ao Fondo Estatal de Investimento Local e da finalización dos prazos correspondentes ao Fondo Estatal de Emprego e Sostenibilidade Local.

| CONCEPTO       | DESCRIPCION               | SALDO A 1 DE XANEIRO | MODIFICACIÓNS SALDO INICIAL | DEPÓSITOS RECIBIDOS EN EXERCICIO | TOTAL DEPÓSITOS RECIBIDOS | DEPÓSITOS CANCELADOS | DEPÓSITOS PENDENTES DEVOLUCIÓN A 31 DE DECEMBRO |
|----------------|---------------------------|----------------------|-----------------------------|----------------------------------|---------------------------|----------------------|---|
| 70200          | Otros Valores             | 67.507.786,75        | 0,00                        | 4.089.708,64                     | 71.597.495,39             | 22.130.701,27        | 49.466.794,12                                   |
| 70201          | Otros Valores (Urbanismo) | 18.390.260,24        | 0,00                        | 707.860,23                       | 19.098.120,47             | 2.631.957,08         | 16.466.163,39                                   |
| 70200          | Otros Valores             | 2.587.391,69         | 0,00                        | 3.910,95                         | 2.591.302,64              | 165.856,17           | 2.425.446,47                                    |
| <b>TOTAL :</b> |                           | <b>88.485.438,68</b> | <b>0,00</b>                 | <b>4.801.479,82</b>              | <b>93.286.918,50</b>      | <b>24.928.514,52</b> | <b>68.358.403,98</b>                            |

### 19.- Cadro de financiamento.

Este estado ven substituír ao Estado de Orixe e Aplicación de Fondos no Plan de Contabilidade Pública do ano 1990, recollendo os fondos obtidos e aplicados, tanto por operacións de gastos e ingresos como as derivadas de adquisicións ou altas de inmovilizado.

Constitúen as aplicacións, os incrementos que se producen en contas de Activo Fixo, é dicir, incrementos do debe deducidos os saldos iniciais, e minoracións de Pasivo Fixo. Os fondos obtidos son consecuencia das baixas nas contas de activo fíxo, é dicir, saldos do haber e os incrementos en contas de pasivo fíxo, é dicir, sumas do haber deducidos os saldos iniciais. Conforman igualmente o cadro de financiamento, os resultados da xestión, sendo os fondos aplicados os correspondentes a gastos de servizos exteriores, persoal, transferencias, gastos financeiros, perdas ou gastos correntes, dotacións e provisións. Os fondos obtidos son consecuencia dos ingresos tributarios, transferencias e subvencións recibidas, provisións aplicadas a súa finalidade, ingresos financeiros e outros ingresos.

En canto ás variacións no capital circulante, os aumentos teñen a súa orixe, nos incrementos nas contas do activo circulante e as diminucións nas contas do pasivo circulante, e as diminucións son consecuencia, das baixas nas contas do activo circulante e os incrementos no pasivo circulante.

| F. aplicados                  | Exercicio      |                | F. obtidos                      | Exercicio      |                | Variación do circulante | Exercicio 2011 |               | Exercicio 2010 |               |
|-------------------------------|----------------|----------------|---------------------------------|----------------|----------------|-------------------------|----------------|---------------|----------------|---------------|
|                               | 2011           | 2010           |                                 | 2011           | 2010           |                         | Aumentos       | Diminucións   | Aumentos       | Diminucións   |
| T.Aplicacións                 | 336.273.124,10 | 350.189.486,90 | T.Orixes                        | 309.551.377,40 | 360.880.907,70 | Total                   | 16.749.437,10  | 43.471.183,80 | 28.406.171,80  | 17.714.751,00 |
| Exceso orixes<br>Δ Circulante |                | 10.691.420,80  | Exc.aplicacións<br>δ Circulante | 26.721.746,60  |                | Var.Circulante          |                | 26.721.746,60 | 10.691.420,80  |               |

Na análise da variación do capital circulante, merece especial consideración os aumentos do circulante que veñen determinados polas seguintes causas: polo incremento do saldo de debedores non orzamentarios por unha contía de 71.458,12 euros, unha diminución nas dotacións a saldos para provisións de insolvencias por unha contía de 3.961.197,41 euros. En canto aos acredores orzamentarios, prodúcese unha merma por unha contía de 8.901.332,3 euros, e nos non orzamentarios, a diminución é de 3.315.022,6 euros. As diminucións da variación do circulante veñen dadas pola diminución da liquidez en 21.573.821,3 euros, a baixa nos debedores non orzamentarios por unha contía de 19.824.160,5 euros, e o incremento en préstamos recibidos a curto prazo por 1.624.801,3 euros como consecuencia do traspaso de largo a curto prazo.

O resultado é unha diminución do capital circulante por unha contía de 26.721.746,6 euros.

Na análise dos fondos obtidos e aplicados, a variación máis salientable é pola variación na concertación do endebedamento, pasando de 31.752.655,7 euros do ano 2010 os 27.259.526,3 do ano 2011, hai polo tanto unha merma na suma do haber das contas 170 e 171 do Plan Xeral de Contabilidade, que ven xustificada por varias razóns: Un menor nivel de endebedamento no ano, e en segundo lugar, un traspaso a créditos a curto prazo maior. Nos fondos aplicados, apreciase as variacións nos préstamos recibidos, pasando de 15.240.522 euros a 11.038.912,3 euros. Outra das variacións salientables veñen dadas pola diminución na aplicación ao inmovilizado por unha contía de 9.679.923,9 euros.

O resultado é un exceso de aplicacións sobre os orixes en 26.721.746,6 euros.

## 20.- Información Orzamentaria.

### 20.1 Exercicio corrente

#### A) Orzamento de Gastos

##### A.1 Modificacións de crédito

| Institución          | Créditos Extraordinarios | Suplementos de Crédito | Amplicacións de Crédito | Transferencias |               | Incorporacións Remanentes | Xeracións de créditos | Baixas por anulación | Total         |
|----------------------|--------------------------|------------------------|-------------------------|----------------|---------------|---------------------------|-----------------------|----------------------|---------------|
|                      |                          |                        |                         | Positivas      | Negativas     |                           |                       |                      |               |
| Entidade Local       | 13.550.326,16            | 489.333,40             | 1.123.572,92            | 5.783.620,53   | -5.783.620,53 | 41.641.810,11             | 2.688.411,35          | -8.017.042,18        | 51.476.411,76 |
| Estados Consolidados | 13.566.024,16            | 489.333,40             | 1.123.572,92            | 5.951.898,72   | -5.951.898,72 | 44.273.091,48             | 4.401.435,40          | -8.032.740,18        | 55.820.717,18 |

O importe das modificacións referenciadas, supón un 23,17 por 100 en relación co orzamento inicial, sendo a máis importante a incorporación de remanentes e os créditos extraordinarios. Estes últimos xustificados polas sentencias de Miraflores SA e Paiva Parada.

As xeracións de crédito neste ano tiveron pouca relevancia, mentres que as transferencias si teñen un peso importante, o que amosa unha falta de previsión. Nos estados consolidados, pouco hai que comentar, coa excepción que o Organismo que tramitou o importe maior de modificacións foi a Xerencia de Urbanismo.

## A.2 Remanentes de Crédito

| Capítulo     | Importe              | Remanentes Comprometidas |                     | Remanentes non comprometidas |                     |
|--------------|----------------------|--------------------------|---------------------|------------------------------|---------------------|
|              |                      | Incorporables            | Non Incorporables   | Incorporables                | Non Incorporables   |
| <b>I</b>     | 2.467.635,15         |                          |                     |                              |                     |
| <b>II</b>    | 3.645.367,61         |                          |                     |                              |                     |
| <b>III</b>   | 431.386,94           |                          |                     |                              |                     |
| <b>IV</b>    | 3.159.004,94         |                          |                     |                              |                     |
| <b>VI</b>    | 7.820.417,00         |                          |                     |                              |                     |
| <b>VII</b>   | 5.574.777,23         |                          |                     |                              |                     |
| <b>VIII</b>  | 119.594,36           |                          |                     |                              |                     |
| <b>IX</b>    | 205.655,96           |                          |                     |                              |                     |
| <b>Total</b> | <b>23.423.839,19</b> | <b>5.846.763,13</b>      | <b>3.825.939,61</b> | <b>10.457.063,90</b>         | <b>3.294.572,55</b> |

Os remanentes de crédito nos casos en que sexa posible, serán obxecto da tramitación dun expediente de modificación orzamentaria, no que se incorporarán, salvo renuncia expresa, todos aqueles que teñan financiamento afectado, así como aqueles outros que, con independencia do seu financiamento, estean comprometidos, sempre e cando non fosen sido incorporados xa no ano precedente e non teñan financiamento afectado.

Da totalidade dos mesmos por unha contía de 23.423.839,19 euros, foron incorporados ao orzamento do ano 2012, 14.784.855,15 euros, dos cuales conforman gastos con financiación afectada 12.002.043,38 euros e 2.782.811,77 euros de gastos con financiación propia con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais.

### A.3 Execución de proxectos de gastos

Este estado recolle de forma individualizada para cada un dos proxectos o detalle do gasto previsto, o comprometido, as obrigas recoñecidas ao comezo e durante o exercicio, o total e o gasto pendente de realizar. Debemos ter en conta que o estado de referencia, enfronta o gasto executado co previsto. A información fornecida por este estado en cada un dos proxectos reflexa o pendente de executar e o gasto executado en relación co gasto previsto. O estado de referencia relaciona a totalidade dos proxectos con independencia da súa financiación, en consecuencia co anterior, este documento non ten porqué ser coincidente coa información que recollen outros estados de proxectos que tamén formarán parte da memoria e que relacionan somentes os proxectos que teñen financiamento afectado.

### A.4 Acreedores por operacións pendentes de aplicar ao orzamento.

Este estado recolle os saldos da conta 413 polo gasto executado non aplicado ao Orzamento. Non existe anotación contable no ano 2011 nesta conta. Non entando o anterior, como consecuencia do afloramento de débedas que orixinou o Real Decreto Lei 4/2012, de 24 de febreiro, polo que se determinan obrigas de información e procedimentos necesarios para establecer un mecanismo de financiación para o pago aos provedores das entidades locais (BOE nº 48 de 25 de febreiro), afloraron unha relación de facturas que estando rexistradas con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2012, que se encontran pendentes de pagamento e que non teñen cobertura orzamentaria, conforman unha listaxe de 24 follas, que escomeza co acreedor, LÓPEZ LÓPEZ JOSE RUBÉN, por unha contía de 17.582,00 euros e remata, co acreedor, ASOCIACIÓN CULTURAL MUSICAL CUNAJAZ, por unha contía de 4.580,00 euros, sumando un total de 4.613.993,05 euros. Así mesmo, o proxecto do orzamento para o ano 2012, aprobado provisionalmente o 30 de marzo do 2012, ten incluídos en distintos programas orzamentarios, con expresión diferenciada, Rec.Extr.Cred. aplicacións orzamentarias para dar cobertura ás obrigas nadas fora do orzamento, por unha contía de 4.627.697,54 euros. Polo tanto, ao peche do exercicio, se se tivese esa información, a conta 413 debería ter anotacións no Haber pola contía de 4.627.697,54 euros.

Así mesmo, a conta 411 do Plan de Contabilidade Pública impútanse os gastos devengados non vencidos e que teñen a súa correlación no orzamento do ano 2012. Non houbo ningún axuste, xa que os gastos devengados durante o mesmo imputáronse na súa totalidade ao orzamento do ano 2011.

## B) Orzamento de Ingresos

### Recadación neta

| Capítulos    | Entidade              |                       |                             |                     |                       |                 | Estados consolidados  |                       |                       |               |                       |              |
|--------------|-----------------------|-----------------------|-----------------------------|---------------------|-----------------------|-----------------|-----------------------|-----------------------|-----------------------|---------------|-----------------------|--------------|
|              | Pre. iniciais         | Prev.Definitivas      | Dereito R.Net <sup>14</sup> | %                   | Ingreso Neto          | % <sup>15</sup> | Pre. iniciais         | Prev.Definitivas      | Dereito R.Net         | %             | Ingreso Neto          | %            |
| I            | 93.057.993,00         | 93.057.993,00         | 95.011.071,57               | 102,1               | 84.078.842,45         | 88,49           | 93.057.993,00         | 93.058.081,49         | 95.011.071,57         | 102,1         | 84.078.842,45         | 88,49        |
| II           | 8.119.061,00          | 8.119.061,00          | 7.564.689,38                | 92,09               | 6.914.456,61          | 91,4            | 8.119.061,00          | 8.119.152,40          | 7.564.689,38          | 92,09         | 6.914.456,61          | 91,40        |
| III          | 35.032.563,26         | 35.032.563,26         | 40.296.579,45               | 111,71              | 32.543.223,66         | 80,76           | 41.495.342,69         | 41.495.423,45         | 45.193.692,28         | 104,88        | 36.496.213,72         | 80,75        |
| IV           | 66.339.263,72         | 66.339.263,72         | 70.183.240,70               | 102,25              | 68.380.802,13         | 97,43           | 64.541.217,08         | 64.541.314,51         | 68.284.494,36         | 102,16        | 66.482.055,79         | 97,36        |
| V            | 3.441.654,00          | 3.441.654,00          | 2.488.056,80                | 72,29               | 2.379.919,02          | 95,65           | 3.535.269,63          | 3.535.365,28          | 2.551.041,80          | 72,16         | 2.442.904,02          | 95,76        |
| VI           |                       |                       | 1.800,00                    | 0                   | 1.800,00              | 100             | ,00                   | 100,00                | 71.517,40             | 102,58        | 71.517,40             | 100,00       |
| VII          | 4.600.008,73          | 4.600.008,73          | 8.805.806,57                | 176,98              | 3.277.533,73          | 37,22           | 4.328.790,00          | 4.328.827,22          | 9.620.735,84          | 166,14        | 3.006.315,00          | 31,25        |
| VIII         | 600.000,00            | 600.000,00            | 481.443,13                  | 80,24 <sup>16</sup> | 96.036,13             | 19,95           | 696.040,48            | 696.060,43            | 549.298,79            | 78,92         | 111.623,73            | 20,32        |
| IX           | 11.000.000,00         | 11.000.000,00         | 10.372.093,53               | 94,29               | ,00                   | 0               | 11.000.000,00         | 11.000.000,00         | 10.372.093,53         | 94,29         | ,00                   | 0,00         |
| <b>Total</b> | <b>222.190.543,71</b> | <b>222.190.543,71</b> | <b>235.204.781,13</b>       | <b>104,07</b>       | <b>197.672.613,73</b> | <b>84,04</b>    | <b>226.773.713,88</b> | <b>226.774.324,78</b> | <b>239.218.634,95</b> | <b>102,98</b> | <b>199.603.928,72</b> | <b>83,44</b> |

O índice das liquidacións netas do estado de ingresos ascende ao 104,07 por 100. Como se pode apreciar na táboa 8, ven a ser maior co executado nos dous últimos anos. No capítulo VIII, para non desvirtuar a análise, aillase a contrapartida da incorporación de remanentes, xa que se trata dun ingreso que non pode ser obxecto de un recoñecemento, polo tanto, non se toma en consideración na base de cálculo.

A ratio de recadación tamén supera a dos dous últimos anos (táboa de indicadores de realización de pagamentos e cobros), polo que a situación económica non tivo efecto negativo na corrente financeira. As porcentaxes son moi altas nos ingresos correntes non financeiros. En canto ás transferencias de capital, dependen en cada caso, dos prazos de xustificación, que pode dar lugar a que a mesma non chegue a entrar na tesourería municipal dentro do ano. Como se pode apreciar, no capítulo VII, a recadación é baixa en relación aos dereitos recoñecidos.

14 Sobre previsións definitivas

15 Sobre dereitos recoñecidos netos

16 Non se teñen en conta os remanentes

### B.1 Dereitos anulados

| APLICACIÓN Orzamentaria | DESCRIPCIÓN | ANULACIÓN DE LIQUIDACIONES | APRAZAMIENTO E Fraccionamento | Devolución de INGRESOS | TOTAL DEREITOS ANULADOS |
|-------------------------|-------------|----------------------------|-------------------------------|------------------------|-------------------------|
| TOTAL                   |             | 713.624,66                 | 40.661,13                     | 1.907.402,37           | 2.661.688,16            |

### B.2 Dereitos cancelados

| APLICACIÓN Orzamentaria | DESCRIPCION             | COBROS EN ESPECIE | INSOLVENCIAS | OUTRAS CAUSAS | TOTAL DEREITOS CANCELADOS |
|-------------------------|-------------------------|-------------------|--------------|---------------|---------------------------|
| 30201                   | RECOLLIDA LIXO VIVENDAS | 0,00              | 80,50        | 0,00          | 80,50                     |
| TOTAL                   |                         | 0,00              | 80,50        | 0,00          | 80,50                     |

Os estados de xestión recollen toda a información relativa aos procesos de anulacións, cancelacións, insolvencias fraccionamentos e recadación neta. Do importe dos dereitos anulados e devolucións pagadas por unha contía de 2.661.688,16 euros, os máis representativos son os seguintes:

| Concepto         | Contía       |
|------------------|--------------|
| IBI              | 210.218,72   |
| IAE              | 97.596,21    |
| IVTM             | 111.728,85   |
| LIXO             | 231.318,21   |
| LIQ.NEGATIVA PTE | 1.357.842,96 |



### B.3 Devolucións de ingresos

| APLICACIÓN<br>Orzamentaria | DESCRICIÓN | PENDENTE DE<br>PAGO A 1 DE<br>XANEIRO | Modificacións ao<br>Saldo inicial<br>Anulacións | RECOÑECIDAS<br>NO EXERCICIO | TOTAL<br>Devolucións<br>Recoñecidas | Prescripcións | Pagadas no<br>Exercucui | Pendientes de<br>Pagamento a 31<br>decembro |
|----------------------------|------------|---------------------------------------|---|-----------------------------|-------------------------------------|---------------|-------------------------|---|
| TOTAL:                     |            | 143.630,77                            | 0,00  | 1.931.217,22                | 2.074.847,99                        | 0,00          | 1.907.402,37            | 167.445,62                                  |

O estado que recolle esta información, detalla para cada unha das aplicacións orzamentarias do estado de ingresos, o saldo inicial, as modificacións, as devolucións recoñecidas no exercicio, as pagadas e as pendentes ao peche do exercicio. A variación neta ten relevancia, xa que pasa de 143.630,77 euros ao comezo do ano aos 167.445,62 euros do final, as pagadas no exercicio totalizaron 1.907.402,37 euros, correspondendo o maior importe de pagamentos pola devolución da liquidación negativa na participación dos tributos do Estado do ano 2008 1.357.842,96 euros, información que ademais aparece recollida noutros estados da memoria como o da recadación neta e no de dereitos anulados.

B.4 En canto aos compromisos de ingresos, non existen rexistros neste módulo

### 20.2 Exercicios pechados

A) Obrigas do Orzamentos pechados

B) Dereitos de Orzamentos pechados

Vanse a presentar os dous estados de información por anos, o estado de cancelacións vaise a recoller nunha única columna, xa que o que merece a pena da información e verificar o grado de recadación e de pagamentos que se está a facer cada ano.

A esta data, pola Tesourería, tendo en conta o informe de Liquidación, procedeu a facer unha baixa nas obrigas pendentes de pagamento de pechados, sendo o saldo do mesmo cero.

**Táboa 15. Dereitos e obrigas pendentes de exercicios pechados**

| Ano          | Dereitos de exercicios pechados |                      |                                |                      |                     | Obrigas de exercucios pechados |                      |                      |                   |
|--------------|---------------------------------|----------------------|--------------------------------|----------------------|---------------------|--------------------------------|----------------------|----------------------|-------------------|
|              | Saldo inicial                   | Recadación           | Anulacions, Ins. E Precricións | Pendiente            | Dot. Provisión %    | Importe Dot.                   | Saldo inicial        | Pagos                | Pendiente         |
| 1990         | 81.280,86                       |                      |                                | 81.280,86            | 100,00              | 81.280,86                      | 15.524,22            |                      | 15.524,22         |
| 1991         | 890,42                          |                      |                                | 890,42               | 100,00              | 890,42                         | 28.666,51            |                      | 28.666,51         |
| 1992         | 252.278,82                      |                      |                                | 252.278,82           | 100,00              | 252.278,82                     | 578,51               |                      | 578,51            |
| 1993         | 1.092.362,51                    |                      |                                | 1.092.362,51         | 100,00              | 1.092.362,51                   | 3.869,31             |                      | 3.869,31          |
| 1994         | 2.820.087,75                    | 3.230,81             | 2.484.935,57                   | 331.921,37           | 100,00              | 331.921,37                     | 5.282,85             |                      | 5.282,85          |
| 1995         | 3.281.484,50                    | 11.255,90            | 2.739.150,90                   | 531.077,70           | 100,00              | 531.077,70                     | 6.489,40             |                      | 6.489,40          |
| 1996         | 4.334.589,24                    | 10.849,97            | 3.650.285,84                   | 673.453,43           | 100,00              | 673.453,43                     | 840,78               |                      | 840,78            |
| 1997         | 3.848.729,67                    | 10.835,47            | 494.028,37                     | 3.343.865,83         | 100,00              | 3.343.865,83                   | 814,52               |                      | 814,52            |
| 1998         | 4.422.737,88                    | 26.629,80            | 832.649,30                     | 3.563.458,76         | 100,00              | 3.563.458,76                   | 501,71               |                      | 501,71            |
| 1999         | 5.111.903,68                    | 64.369,00            | 1.109.111,90                   | 3.938.422,78         | 100,00              | 3.938.422,78                   | 1.517,62             |                      | 1.517,62          |
| 2000         | 3.874.224,24                    | 25.285,72            | 278.728,96                     | 3.570.209,56         | 100,00              | 3.570.209,56                   | 3.034,44             |                      | 3.034,44          |
| 2001         | 3.840.108,68                    | 85.815,23            | 89.309,34                      | 3.664.984,11         | 100,00              | 3.664.984,11                   | 5.476,14             |                      | 5.476,14          |
| 2002         | 4.454.225,07                    | 65.202,53            | 256.350,31                     | 4.132.672,23         | 100,00              | 4.132.672,23                   | 5.709,54             |                      | 5.709,54          |
| 2003         | 3.994.007,47                    | 71.224,58            | 216.521,09                     | 3.706.261,80         | 100,00              | 3.706.261,80                   | 18.312,04            |                      | 18.312,04         |
| 2004         | 3.159.274,86                    | 101.222,50           | 556.276,72                     | 2.501.775,64         | 100,00              | 2.501.775,64                   | 2.441,36             |                      | 2.441,36          |
| 2005         | 3.892.985,86                    | 227.955,52           | 782.967,99                     | 2.882.062,35         | 100,00              | 2.882.062,35                   | 3.509,28             |                      | 3.509,28          |
| 2006         | 4.485.730,30                    | 249.845,07           | 743.378,29                     | 3.492.506,94         | 100,00              | 3.492.506,94                   | 7.452,23             |                      | 7.452,23          |
| 2007         | 6.322.456,06                    | 312.771,44           | 145.713,87                     | 5.863.970,75         | 95,00               | 5.570.772,21                   | 60.084,25            |                      | 60.084,25         |
| 2008         | 9.795.783,48                    | 684.358,02           | 271.580,92                     | 8.839.844,54         | 90,00               | 7.955.860,09                   | 186.842,47           |                      | 186.842,47        |
| 2009         | 17.185.526,36                   | 2.586.103,73         | 282.731,15                     | 14.316.691,48        | 85,00               | 12.169.187,76                  | 22.852,88            | 3.299,55             | 19.553,33         |
| 2010         | 56.199.959,36                   | 37.167.467,50        | 718.184,60                     | 18.314.307,26        | 80,00 <sup>17</sup> | 10.550.932,70                  | 31.147.298,53        | 31.150.107,25        | 490,83            |
| <b>Total</b> | <b>142.450.627,07</b>           | <b>41.704.422,79</b> | <b>15.651.905,12</b>           | <b>85.094.299,14</b> |                     | <b>74.006.237,87</b>           | <b>31.527.098,59</b> | <b>31.153.406,80</b> | <b>376.991,34</b> |

17 Capítulo I,II,III e V

**Dereitos pendentes de cobro e obrigas pendentes de pago a 31 de decembro, dos orzamentos pechados por capítulos**

| Capítulos    | Entidade   |   | Organismos autónomos                               |   | Estados consolidados                               |   |
|--------------|--|---|--|---|--|---|
|              | Dereitos pendentes de cobro de exercicios pechados | Obrigas pendentes de pagamento de exercicios pechados | Dereitos pendentes de cobro de exercicios pechados | Obrigas pendentes de pagamento de exercicios pechados | Dereitos pendentes de cobro de exercicios pechados | Obrigas pendentes de pagamento de exercicios pechados |
| <b>I</b>     | 44.946.802,62                                      | 77.547,97   |  | 4.590,04  | 44.946.802,62                                      | 82.138,01   |
| <b>II</b>    | 3.980.899,90                                       | 289.454,99  |  | 154.332,06  | 3.980.899,90                                       | 443.787,05  |
| <b>III</b>   | 25.476.579,66                                      | 2.229,12  | 1.047.475,46                                       |   | 26.524.055,56                                      | 2.229,12  |
| <b>IV</b>    | 5.006.253,39                                       | 7.324,73  | 533.039,14   | 2.290,06  | 5.539.292,53                                       | 9614,79   |
| <b>V</b>     | 215.236,41   |   | 984,12   |   | 216.220,53   |   |
| <b>VI</b>    | ,00  | 0,42  |  | 37.232,09   |  | 37.232,51   |
| <b>VII</b>   | 5.312.332,99                                       |   | 1.029.762,27                                       |   | 6.342.095,26                                       |   |
| <b>VIII</b>  | 156.194,17   | 434,11  | 15.844,16  |   | 172.038,33   | 434,11  |
| <b>IX</b>    | ,00  |   |  |   |  |   |
| <b>TOTAL</b> | <b>85.094.299,14</b>                               | <b>376.991,34</b>                                     | <b>2.627.105,15</b>                                | <b>198.444,25</b>                                     | <b>87.721.404,73</b>                               | <b>575.435,62</b>                                     |

**C) Variación de resultados orzamentarios de exercicios anteriores**

|  | Total Variación Dereitos | Total Variación Obligacións | Variación de resultados presupuestarios de exercicios anteriores. |
|--|--------------------------|-----------------------------|---|
| - a) Operacións correntes              | -14.777.161,24           | 0,00                        | -14.777.161,24  |
| - b) Outras operacións non financeiras | -874.743,90              | 0,00                        | -874.743,90   |
| - Operacións non financeiras (a b)     | -15.651.905,14           | 0,00                        | -15.651.905,14  |
| - Activos financeiros                  | 0,00                     | 0,00                        | 0,00  |
| - Pasivos financeiros                  | 0,00                     | 0,00                        | 0,00  |
| <b>TOTAL .....</b>                     | <b>-15.651.905,14</b>    | <b>0,00</b>                 | <b>-15.651.905,14</b>   |

O importe de 15.651.905,14 euros, representa os dereitos anulados de todas as divisionarias da conta do PGCP 434 e a 439, é dicir, os dereitos anulados por anulación de liquidacións de contraído previo e ingreso directo, os dereitos anulados por aprazamento e fraccionamento de contraído previo e ingreso directo, os dereitos anulados por anulación de liquidacións de contraído previo ingreso por recibo, os dereitos anulados por aprazamento e fraccionamento de liquidacións de contraído previo e ingreso por recibo, os dereitos anulados por devolución de ingreso e os dereitos cancelados por insolvencias e prescricións, sendo a súa composición a seguinte:

| Causa da anulación              | Contía        |
|---------------------------------|---------------|
| Por insolvencias                | 9.750.936,01  |
| Por prescricións                | 10.430,99     |
| Por anulacions das liquidacións | 5.889.530,53  |
| Por fraccionamento              | 1.007,61      |
| Total                           | 15.651.905,14 |

Os importes que figuran neste estado forman a súa vez parte da Conta de Resultado Económico Patrimonial na conta 675 e 679.

### **20.3 Exercicios posteriores.**

#### **Compromisos de gastos e ingresos con cargo a exercicios posteriores.**

O estado que se achega non contempla os compromisos que afectan ao gasto relativo aos contratos de xestión de servizos públicos, xa que estes aínda que teñen o carácter de plurianual non se lle da o tratamento. Na maioría dos casos, porque o número de anos da prestación é moi superior aos catro. Ademáis do anterior, estes contratos están suxeitos a revisión ordinaria e nalgúns casos a revisións extraordinarias que non se contemplan inicialmente, por esta razón, ao principio de cada ano cando se rexistra a operación de compromiso do gasto pola contía do ano.

## 20.4 Gastos con financiamento afectado

Este estado recolle de forma individualizada os proxectos con financiamento afectado. Rexistrando as desviacións positivas e negativas do exercicio e as acumuladas durante a vida do proxecto, que afectarán ao cálculo do Resultado Orzamentario e ao Remanente de Tesourería.

As desviacións positivas acumuladas por unha contía de 12.002.043,38 euros, representa o importe que figura como exceso de financiación afectada no estado do Remanente de Tesourería. En canto ás desviacións do exercicio positivas por unha contía de 5.438.747,28 euros e as negativas por unha contía de 22.113.992,42 euros, teñen o seu reflexo no estado do Resultado Orzamentario.

Aos efectos informativos, tamén se recollen as desviacións dos estados consolidados.

### Estado de desviación

| Entidade Local           |               |                        |           | Estados Consolidados     |               |                        |           |
|--------------------------|---------------|------------------------|-----------|--------------------------|---------------|------------------------|-----------|
| Desviacións do Exercicio |               | Desviacións Acumuladas |           | Desviacións do Exercicio |               | Desviacións Acumuladas |           |
| Positivas                | Negativas     | Positivas              | Negativas | Positivas                | Negativas     | Positivas              | Negativas |
| 5.438.747,28             | 22.113.992,42 | 12.002.043,38          | 29.976,08 | 6.557.887,42             | 22.496.964,78 | 15.427.221,88          | 29.976,08 |

Un segundo estado recolle para cada un dos proxectos, os datos identificativos de carácter xeral, a xestión do gasto e do ingreso. A información reflicte os gastos e ingresos previstos, os comprometidos e os compromisos de ingresos, as obrigas e dereitos recoñecidos e os saldos pendentes todo en relación co período no se que se produciron as variacións. A información que figura no apartado D) do devandito estado, presenta un resumo de desviacións por axentes financiadores e proxecto. O total das desviacións por axente coincide co estado de desviacións de financiamento que forma parte da memoria.

## 20.5 Remanente de Tesourería

| Remanente de Tesourería   | Entidade      |                       | Estados Consolidados |                       |               |                       |              |                       |
|---|---------------|-----------------------|----------------------|-----------------------|---------------|-----------------------|--------------|-----------------------|
|   | Ano 2011      | Ano 2010              | Ano 2011             | Ano 2010              |               |                       |              |                       |
| <b>1. (+) Fondos Líquidos</b>                                   |               | <b>78.968.079,79</b>  |                      | <b>100.535.874,59</b> |               | <b>82.202.468,12</b>  |              | <b>104.828.028,75</b> |
| <b>2. (+) Dereitos pendentes de cobro</b>                       |               | <b>122.835.511,19</b> |                      | <b>142.407.204,64</b> |               | <b>126.651.509,63</b> |              | <b>149.615.928,00</b> |
| (+) Do Orzamento Corrente                                       | 37.532.167,40 |                       | 56.199.959,36        |                       | 39.614.706,23 |                       | 62.512.636,2 |                       |
| (+) De Orzamentos Pechados                                      | 85.094.299,14 |                       | 86.250.667,71        |                       | 87.721.404,29 |                       | 88.045.236,2 |                       |
| (+) De Operacións non Orzamentarias                             | 2.321.829,49  |                       | 2.200.795,74         |                       | 2.343.433,28  |                       | 2.225.610,2  |                       |
| (-) Cobros realizados pendentes de aplicación                   | 2.112.784,84  |                       | 2.243.518,17         |                       | 3.028.034,17  |                       | 3.167.500,7  |                       |
| <b>3. (-) Obrigas pendentes de Pagamento</b>                    |               | <b>33.813.725,57</b>  |                      | <b>46.165.174,27</b>  |               | <b>38.042.890,64</b>  |              | <b>54.626.384,12</b>  |
| (+) Do Orzamento Corrente                                       | 22.224.960,07 |                       | 31.147.298,53        |                       | 24.155.141,15 |                       | 35.547.137,9 |                       |
| (+) De Orzamentos Pechados                                      | 376.991,34    |                       | 379.800,06           |                       | 575.435,59    |                       | 923.377,87   |                       |
| (+) De Operacións non Orzamentarias                             | 11.216.876,23 |                       | 14.6431.77,75        |                       | 13.317.415,97 |                       | 16.160.970,4 |                       |
| (-) Pos realizados pendentes de aplicación                      | 5.102,07      |                       | 5.102,07             |                       | 5.102,07      |                       | 5.102,07     |                       |
| I Remanente de Tesourería Total (1 + 2 + 3)                     |               | 167.989.865,41        |                      | 196.778.604,96        |               | 170.811.087,11        |              | 199.877.626,63        |
| II Saldos de dubidoso cobro                                     |               | 74.006.237,87         |                      | 77.967.435,28         |               | 75.042.124,77         |              | 78.919.712,60         |
| III Excesos de financiamento afectado                           |               | 12.002.043,38         |                      | 30.686.993,67         |               | 15.427.221,88         |              | 33.318.275,04         |
| <b>IV Remanente de Tesourería para Gastos Xerais (I-II-III)</b> |               | <b>81.981.584,16</b>  |                      | <b>88.124.176,01</b>  |               | <b>80.341.740,46</b>  |              | <b>87.579.638,99</b>  |

Os criterios previstos e aprobados polo Pleno da Corporación e regulados na Base 49ª das de Execución do Orzamento, axústanse axeitadamente aos saldos pendentes de cobro, tendo en conta a antigüidade dos mesmos e as depuracións que se veñen practicando nos últimos anos, así como á recadación efectuada correspondente a exercicios pechados, pero sobre todo, como xa se advertiu con anterioridade neste informe, axústase ao previsto pola Intervención Xeral da Administración do Estado.

O Remanente de tesourería, como se vai poder comprobar no epígrafe dos indicadores, ven mantendo unha estabilidade no tempo, evidentemente, cando o nivel de execución do orzamento é baixo, o remanente é maior, non obstante, unha vez que se incorporan os remanentes, é cando se mide o realmente dispoñible desta magnitude.

O feito de que o Real Decreto 1463/2007, compute as obrigas recoñecidas financiadas con remanente de tesourería para gastos xerais para o cálculo da estabilidade orzamentaria, supón un freno á utilización deste recurso financeiro. Entendo que a inclusión destas obrigas, está a disvituar a cálculo, xa que unha vez obtido o remanente de tesourería cos axustes axeitados, éste conforma un recurso financeiro, cuxas obrigas non deberían ser tomadas en conta aos efectos do cálculo da estabilidade orzamentaria.

| ANOS      | COEFICIENTES | CAPÍTULOS    |
|-----------|--------------|--------------|
| 1         | 0,80         | I,II,III e V |
| 2         | 0,85         | Todos        |
| 3         | 0,90         | Todos        |
| 4         | 0,95         | Todos        |
| 5 ou máis | 1,00         | Todos        |

Como ven sendo unha norma ao longo desta memoria, incorpóranse sempre os datos consolidados, xa que isto permítenos facer e ter unha visión máis ampla da situación

## 21. - Indicadores

Constitúen unha ferramenta para que o xestor público poida tomar decisións e para o control do que está sucedendo. Os indicadores non son un obxectivo en si mesmo, son instrumentos para avaliar e comparar a xestión.

A IMNCL establece distintos tipos de indicadores: Financeiros e Patrimoniais, Orzamentarios de Orzamento Corrente e de pechados, así como os de xestión.

Para facer unha análise de detalle, vaise mostrar en determinados cadros os estados de execución de gastos e ingresos comparados, así como outros indicadores.

De execución de gastos e ingresos por capítulos e total por anos

| Capítulo     | % Execución do estado de gastos |              |              |              | % Execución do estado de ingresos |               |               |                     |
|--------------|---------------------------------|--------------|--------------|--------------|-----------------------------------|---------------|---------------|---------------------|
|              | Período                         |              |              |              | Período                           |               |               |                     |
|              | 2008                            | 2009         | 2010         | 2011         | 2008                              | 2009          | 2010          | 2011                |
| I            | 92,29                           | 93           | 95,89        | 95,93        | 100,84                            | 98,11         | 100,76        | 102,1               |
| II           | 90,95                           | 90,70        | 89,98        | 96,61        | 130,94                            | 103,62        | 104,76        | 92,09               |
| III          | 82,39                           | 25,50        | 17,61        | 57           | 128,15                            | 113,08        | 112,66        | 111,71              |
| IV           | 94,61                           | 95,27        | 94,55        | 90,34        | 108,61                            | 106,54        | 103,76        | 102,25              |
| V            |                                 |              |              |              | 182,99                            | 115,72        | 74,75         | 72,29               |
| VI           | 43,85                           | 69,44        | 62,41        | 84,95        |                                   |               |               |                     |
| VII          | 56,20                           | 69,32        | 28,14        | 16,96        | 55,25                             | 102,22        | 89,85         | 176,98              |
| VIII         | 76,04                           | 81,97        | 76,50        | 80,1         | 75,93                             | 81,90         | 76,63         | 80,24 <sup>18</sup> |
| IX           | 100                             | 98,86        | 98,40        | 98,35        | 93,06                             | 77,05         | 92,38         | 94,29               |
| <b>Total</b> | <b>83,31</b>                    | <b>84,40</b> | <b>82,43</b> | <b>91,44</b> | <b>105,85</b>                     | <b>102,69</b> | <b>100,70</b> | <b>104,07</b>       |

Os índices de execución xeral de gastos son bastante estables, na súa maioría bastante alta, coa excepción do capítulo VI, que se non se executa, incorporase como remanentes para a súa execución ao ano seguinte, sempre e cando cumplan os requisitos legais para a súa incorporación. Non se pode dicir, salvo a execución do estado de gastos, sobre todo os capítulos II e VI, que afloren incoherencias ou unha falta de homoxeneización nas porcentaxes de execución.

Os capítulos II e VI, teñen unha execución moi alta neste exercicio, o cal tivo unha repercusión negativa para o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.

